

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 9 de febreiro de 2024
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as nove horas e trinta minutos do día nove de febreiro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto *M^a Jesús Torres Peón*, Secretaria Acctal., e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33434.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2024.

2.33435.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DAS AXUDAS DESTINADAS Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL, PROMOVIDAS POLA XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2024. (Expte. 2024002359)

1º.- A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que lle atribúe a lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenrolar as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude e reto demográfico, poñendo en marcha plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, có fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei de xuventude de Galicia e en particular pola Lei de impulso demográfico, é dicir, conseguir o impulso demográfico da provincia, acorde cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, desenrolo social, económico e ambiental sostible e territorialmente equilibrado, de xeito que as persoas consideren a nosa provincia como un lugar idóneo para vivir, con independencia do concello de que se trate.



Este reto supón deseñar e executar políticas públicas dirixidas a que todas as persoas, con independencia do seu lugar de residencia e da súa idade, teñan acceso aos mesmos servizos públicos, en igualdade de condicións, é dicir, acceso á ensinanza e formación non regulada, incluída a virtual, acceso a actividades de ocio e tempo libre para todas as idades, acceso ao Emprego, potenciando de xeito especial a creación de empresas locais, e prestando especial atención á mocidade.

É por iso que se crea o Servizo de Xuventude e Reto demográfico, que ten entre os seus fins promover a participación da xuventude da provincia de Pontevedra e garantir as condicións necesarias para que a mocidade poida desenvolver o seu proxecto de vida no seu lugar de orixe, non só nos concellos de maior poboación senón tamén naqueles máis afastados das áreas costeiras e/ou urbanas.

2º.- O artigo 34 da Lei 6/2012, de 19 de xuño de xuventude de Galicia, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, establece que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude entre outras nas seguintes áreas:

- Creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de xuventude.
- Promover o impulso do asociacionismo xuvenil, como canle de participación en todas as ordes da vida municipal.
- O impulso e creación dos consellos locais de xuventude, de conformidade có recollido na Lei de xuventude de Galicia.

Así mesmo, define as formas de participación xuvenil nos asuntos públicos e na sociedade civil fomentando o asociacionismo e a creación dos consellos locais de xuventude.

Por outra banda a Lei 5/2021 de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que as administracións locais, no exercicio das súas competencias rexeranse entre outros principios, polo impulso da participación dos distintos interlocutores sociais, económicos e da cidadanía no deseño e desenvolvemento de políticas de impulso demográfico. No seu capítulo IV, baixo a rúbrica “Apoio á Xuventude”, fixa os criterios xerais de actuación no ámbito da mocidade, en particular na formación, impulso ao emprendemento, impulso á innovación, tecnoloxía e creatividade, e relevo xeracional entre outros.

Tendo en conta os principios reitores recollidos en ambas normas, é prioritario deseñar políticas públicas destinadas a lograr a participación activa da mocidade poñendo en marcha proxectos e actividades de carácter cultural, social, medioambiental, científicas, formativas e calesqueira outras dirixidas a fomentar o seu espírito emprendedor e a participación e a mellora das condicións de vida do seu entorno.

Neste contexto, esta nova liña de subvencións enmárcase dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Así mesmo, o artigo 109 letra d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia, establece que serán competencias propias das Deputacións provinciais as que, baixo este concepto, lles atribuían as leis e en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.



3º.- Con estes antecedentes, convócase esta liña de axudas co obxectivo de proporcionarlles as asociacións e colectivos xuvenís apoio na posta en marcha de proxectos nos que a xuventude participe de forma activa e directa en actividades concibidas por elas mesmas e das cales sexan protagonistas.

A convocatoria está dirixida a apoiar estas iniciativas, promovidas por persoas de entre os 18 e 35 anos de idade e asociacións xuvenís que desenvolvan proxectos que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario, contribúan ao empoderamento xuvenil, a formación en valores, a consecución de hábitos saudables, e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

A concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrència competitiva segundo os criterios establecidos na base décimo terceira.

Serán destinatarias destas subvencións:

- Asociacións xuvenís prestadoras de servizos dirixidos á xuventude, sen ánimo de lucro, non sometidas a un réxime asociativo específico e que teñan a súa sede social ou contén cunha delegación na provincia de Pontevedra.
- Grupos formados por un mínimo de 3 e un máximo de 8 persoas, que teñan cumpridos os 18 e non superen os 35 anos de idade no momento de presentar a súa solicitude para esta convocatoria, aínda que carezan de personalidade xurídica ao non estar constituídas coma asociación, que propoñan a realización dun proxecto que teña interese xeral e social (en adiante grupos informais), segundo o disposto no artigo 50.3 da Lei 6/2012 de 19 de xuño de xuventude de Galicia.

Así mesmo deberán contar cos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

4º.- As iniciativas presentadas aos efectos desta convocatoria englobaranse nalgunha das seguintes áreas de actuación:

- Iniciativa empresarial: Proxectos que permitan á xuventude poñer en marcha as súas ideas no ámbito do emprendemento e empregabilidade, o fomento dos sectores emerxentes vinculados ao sector das novas tecnoloxías, proxectos sostibles e que contribúan ao desenvolvemento e dinamización do medio rural.
- Vida saudable e loita contra a violencia e condutas de risco: promoción de hábitos saudables e prevención de condutas de risco ou violentas entre a poboación xuvenil, así como a sensibilización sobre a saúde mental e prevención do suicidio, prevención e loita contra calquera forma de discriminación ou violencia, especialmente por razón de xénero, así como proxectos que persigan a igualdade e efectiva das persoas trans e garantan os dereitos das persoas LGTBI.
- Fomento da cultura en todas as súas áreas, da innovación así como a promoción de sectores coma o científico, tecnolóxico e dixital, as ciencias xurídicas e as sociais: proxectos dirixidos á promoción da cultura e a ciencia, as humanidades, en calquera dos seus ámbitos, así como a posta en valor do patrimonio cultural, e a promoción de sectores coma o científico, xurídico, tecnolóxico e dixital.
- Creación de Consellos Locais de Xuventude e o fomento do asociacionismo e voluntariado xuvenil.



- Promoción do desenvolvemento e dinamización do medio rural, a loita contra a soidade non desexada, así como proxectos que teñan impacto no rural dende a perspectiva de reto demográfico.

- Protección do medio ambiente e loita contra o cambio climático.

5º.- A dotación destinada a esta convocatoria é de 100.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.48002, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.

O importe máximo subvencionado por proxecto será de 5.000,00 €.

6º.- As bases publicaranse conxuntamente co seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións e o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base Nacional de Subvencións.

7º.- Por aplicación do artigo 172 do ROF, non se atopa precepto que precise a emisión de informe por Secretaría respecto do expediente que se refire; xa que a emisión de informes preceptivos por parte da Secretaría procede nos supostos precisados polos artigos. 92 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local; 54 do RD Lexislativo. 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local; 234 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; 173 do RD 2568/1986 (ROF), amén da lexislación sectorial á que a mesma se remite, como pode ser a D. Adicional. 3ª. 8 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público. Disposicións non obstante desenvolvidas polo RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O expediente, ao implicar gasto, debe someterse a fiscalización previa por parte da Intervención Provincial.

• **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia.
- Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente.



8º.- Con data 5 de febreiro de 2024, Intervención emite informe no se indica que a aplicación orzamentaria proposta nas bases 24/233.2310.480.02 considérase correcta, e conta con crédito por importe de 100.000,00 € o que ascende o programa, quedando retido o crédito mediante documento R.C. núm. 202400029293. O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

De acordo có exposto, e ao amparo do artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do programa “Plan + Xuventude”: Concesión en réxime de concorrencia competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social, promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2024.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): GNU7FP3U2C5D72Q2

Pódese verificar a integridade deste documento no enderezo: <https://sede.depo.gal>

3.33436.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACÍONS NO ÁMBITO SOCIAL PARA O EXERCICIO 2024 (CSX B/24). (Expte.2023072106)

- ANTECEDENTES:

1º.- De conformidade có establecido na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na que se establece a atención especializada como un dos niveis nos que se estrutura o sistema de servizos sociais, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, e de acordo có disposto no seu artigo 63, as Deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Así mesmo no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, dispónse que son competencias propias das Deputacións provinciais ou entidade equivalente, as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, entre outras, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

2º.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca unha liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, có fin de fomentar a realización de actuacións dirixidas a colectivos que necesitan máis apoio dende o punto de vista social. Cabe sinalar que esta convocatoria ten un grande arraigo na provincia de Pontevedra, e desenvólvese desde fai máis de 20 anos, chegando a superar as 120 solicitudes anuais e estimándose que as persoas destinatarias finais alcanzan os 5.000 usuarios/as directos e os 15.000 usuarios/as indirectos.



3º.- O obxecto destas bases é aprobar a convocatoria da concesión de axudas dirixidas a entidades sen fins de lucro para o ano 2024.

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada.

4º.- Serán subvencionables aquelas actuacións relativas a proxectos, programas e /ou actividades de promoción e inserción social, a prestación de servizos sociais, e en xeral as que persigan un interese social na procura da mellora da calidade de vida das persoas, que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio 2024.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social, contempladas no orzamento de esta institución para o exercicio 2024 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

5º.- A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 24/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2024, ascende a 470.000,00 euros, que representa o máximo de obrigacións que se poidan adquirir con cargo a esta convocatoria, supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

A contía máxima da subvención que pode percibir cada entidade non poderá exceder os sete mil (7.000,00) euros.

As contías de cada subvención serán aprobadas pola Xunta de Goberno, de acordo cos criterios establecidos na base décimo segunda. A non presentación do proxecto constituirá un defecto non emendable e a solicitude non se admitirá a trámite ao ter este carácter esencial para a tramitación das solicitudes.

6º.- Con data 22 de decembro de 2023 e 29 de xaneiro de 2024, Intervención e Secretaría Xeral, emiten informe favorable respectivamente.



• LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Bases de execución do Orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social 2024.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có CSV: Y1OUD5Z4EWOWE7EA

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>

4.33437.- APROBACIÓN DAS I ADDENDAS AOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE: OIA, PONTE CALDELAS, MOAÑA, A CAÑIZA, A ESTRADA, CRECENTE, VALGA, PONTEAREAS, O ROSAL, O GROVE, COVELO, TUI, MONDARIZ, A GUARDA, AGOLADA, PORTAS, MONDARIZ-BALNEARIO, BARRO, FORCAREI, GONDOMAR E CANGAS, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS. (Expte. 2024001229)

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 26 de novembro de 2021, aprobou o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos, expte nº 2021052661.

Segundo.- Mediante acordo da Xunta de Goberno de data 24 de novembro de 2023, prorrogouse o contrato que rexe a presentación do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos (Exp. 2021033561), cuxa duración se estende ata o 21 de febreiro do 2026, ao concorrer razóns de interese público que esixen a súa continuidade.



Terceiro.- Mediante acordo da Xunta de Goberno, en sesión ordinaria de data 22 de decembro de 2023, foi aprobada I Addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra os Concellos da Provincia de Pontevedra, cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos (expte. 2023069862), co fin de ampliar a vixencia do convenio ata o 21 de febreiro de 2026, data de finalización da prórroga do contrato que rexe a prestación do “Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

Cuarto.- Para a formalización da devandita I addenda ao convenio de colaboración os concellos interesados deben proceder a súa aprobación.

Quinto.- Recibíronse ata o de agora as aprobacións das I addendas aos convenios, dos seguintes concellos: Concello de Oia, Concello de Ponte Caldelas, Concello de Moaña, Concello de A Cañiza, Concello da Estrada, Concello de Crecente, Concello de Valga, Concello de Pontearreas, Concello de O Rosal, Concello de O Grove, Concello de Covelo, Concello de Tui, Concello de Mondariz, Concello de A Guarda, Concello de Agolada, Concello de Portas, Concello de Mondariz-Balneario, Concello de Barro, Concello de Forcarei, Concello de Gondomar e Concello de Cangas.

Sexto.- A aprobación das I addendas aos convenios xa conta co financiamento máximo que se considera necesario, segundo consta no expediente de contratación número 2021033561.

Vistas as dilixencias de conformidade da Intervención Xeral de datas 2 de febreiro de 2024 e 5 de febreiro de 2024.

Por todo o exposto, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar as presentes I addendas, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar as I addendas aos convenios de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os seguintes concellos: Concello de Oia, Concello de Ponte Caldelas, Concello de Moaña, Concello de A Cañiza, Concello da Estrada, Concello de Crecente, Concello de Valga, Concello de Pontearreas, Concello de O Rosal, Concello de O Grove, Concello de Covelo, Concello de Tui, Concello de Mondariz, Concello de A Guarda, Concello de Agolada, Concello de Portas, Concello de Mondariz-Balneario, Concello de Barro, Concello de Forcarei, Concello de Gondomar e Concello de Cangas, para a execución do proxecto servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para Concellos.

Segundo.- Aprobar as liquidacións anuais, segundo o previsto no modelo de contraprestación económica, Anexo I do convenio de colaboración, tomando como referencia o número de habitantes de cada concello na última actualización de poboación do Instituto Nacional de Estatística (INE).



Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Novas Tecnoloxías, para que no prazo previsto na cláusula sexta do devandito convenio, notifique as correspondentes cartas de pagamento de acordo co seguinte detalle:

	Entidade local	Poboación	Pagamento por entidade
17	CONCELLO DE OIA	3.104	500 €
18	CONCELLO DE PONTE CALDELAS	5.553	1.000 €
19	CONCELLO DE MOAÑA	19.315	1.700 €
20	CONCELLO DE A CAÑIZA	5.090	1.000 €
21	CONCELLO DE A ESTRADA	20.081	2.000 €
22	CONCELLO DE CRECENTE	1.978	500 €
23	CONCELLO DE VALGA	5.704	1.000 €
24	CONCELLO DE PONTEAREAS	23.154	2.000 €
25	CONCELLO DE O ROSAL	6.431	1.000 €
26	CONCELLO DE O GROVE	10.828	1.200 €
27	CONCELLO DE COVELO	2.426	500 €
28	CONCELLO DE TUI	17.327	1.700 €
29	CONCELLO DE MONDARIZ	4.444	500 €
30	CONCELLO DE A GUARDA	9.998	1.000 €
31	CONCELLO DE AGOLADA	2.254	500 €
32	CONCELLO DE PORTAS	2.823	500 €
33	CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO	703	500 €
34	CONCELLO DE BARRO	3.651	500 €
35	CONCELLO DE FORCAREI	3.186	500 €
36	CONCELLO DE GONDOMAR	15.043	1.700 €
37	CONCELLO DE CANGAS	26.807	2.000 €

Cuarto.- Facultar ó presidente para a formalización das mencionadas I addendas aos convenios mediante a súa sinatura.

5.33438.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3).
(Expte.2024004548)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).



- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importe da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 9) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.



- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE CALDAS DE REIS					
Data de presentación:		29/01/2024 (registro WEB2024004133)			
Data de emenda da solicitude:		31/01/2024 (registro WEB2024005106)			
Data de emenda da solicitude:		31/01/2024 (registro WEB2024005132)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	1 peón de obra pública, 2 peóns de limpeza, 2 oficiais de 1ª albanel, 1 condutor/a maquinista e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses	154.546,52 €	150.871,80 €	3.674,72 €	150.871,80 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE CALDAS DE REIS	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	152.410,09 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3600500G)	7	1 peón de obra pública, 2 peóns de limpeza, 2 oficiais de 1ª albanel, 1 condutor/a maquinista e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses	150.871,80 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16^a.2^a c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 6O579D9T4ZTOVBLF) e do informe de Intervención (CSV: LEHD1PMG9SK8ABIB), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Caldas de Reis (CIF P3600500G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Caldas de Reis (P3600500G)	7	1 peón de obra pública, 2 peóns de limpeza, 2 oficiais de 1ª albanel, 1 condutor/a maquinista e 1 enxeñeiro/a forestal en xornada de 30 h./sem. durante 10 meses	150.871,80 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.



- Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
- Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
- Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
- A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

6.33439.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3). (Expte.2024005380)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).



- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importe da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.
- 2) As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).
- 3) As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.
- 4) As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.
- 5) De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.
- 6) Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importe da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.
- 7) Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.
- 8) O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.



- 9) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 10) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE VILA DE CRUCES					
Data de presentación:		01/02/2024 (registro WEB2024005470)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
10	<i>1 operario/a de maquinaria e 1 operario/a de retroescavadora a xornada completa durante 9 meses; 2 condutores/as, 4 peóns de obras, forestais ou xardineiros/as e 2 albaneis a xornada completa durante 7,5 meses</i>	150.255,50 €	146.766,36 €	3.489,14 €	146.766,36 €

- 11) Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.
- 12) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE VILA DE CRUCES	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	146.772,08 €

- 13) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.



III.- Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).



Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vila de Cruces (P3605900D)	10	<i>1 operario/a de maquinaria e 1 operario/a de retroescavadora a xornada completa durante 9 meses; 2 condutores/as, 4 peóns de obras, forestais ou xardineiros/as e 2 albaneis a xornada completa durante 7,5 meses</i>	146.766,36 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: ACRRMKUOAMRW6W6G e do informe de Intervención (CSV: R7WDZW5JTV48Q2GE), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Vila de Cruces* (CIF P3605900D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Vila de Cruces (P3605900D)	10	<i>1 operario/a de maquinaria e 1 operario/a de retroescavadora a xornada completa durante 9 meses; 2 condutores/as, 4 peóns de obras, forestais ou xardineiros/as e 2 albaneis a xornada completa durante 7,5 meses</i>	146.766,36 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos



códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.



- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberánse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarse a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



20.33453.- CAMBIO DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 17/03/2023 (Nº. 18.32455), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023- LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CREACIÓN DE PARQUE INFANTIL EN PRAZA DE MARTÍN DE HERRERA”. (Expte.2023005932)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- En data 17/03/2023, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 18.32455, concedeuse ao *Concello de Caldas de Reis*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención por importe de 116.414,95 euros, con destino ao financiamento do investimento “CREACION DE PARQUE INFANTIL EN PRAZA DE MARTIN DE HERRERA”, cun orzamento que ascende a 128.518,06 euros, condicionada a resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade (Patrimonio), así como o acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.
- En data 23/01/2024 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2024003193, instancia do *Concello de Caldas de Reis* na que manifesta a necesidade de realizar un cambio de proxecto debido aos condicionantes que lle impuxo a Dirección Xeral de Patrimonio, supoñendo esta modificación un incremento do importe do seu orzamento pasando a ser de 141.939,61 euros e manténdose invariable o importe de subvención inicialmente concedida que importa 116.414,95 euros, sendo a achega municipal de 25.524,66 euros
- Neste contexto, o concello achega un novo proxecto aprobado polo órgano competente, e a autorización da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade (Patrimonio) e solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento se execute nos termos establecidos polo concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Carta Europea de Autonomía Local, Estrasburgo 15/10/1985.
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.
- Regulamento de Bens das Corporacións Locais RD 1372/1986, de 13 de xuño.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes. Asemade, establécese que o procedemento de concesión das axudas é o de concorrencia non competitiva.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente:

- a. Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.



A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.

- b. Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- c. Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- d. Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación, de data 24/01/2024, da xefa do servizo de Cooperación de data 01/02/2024 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 01/02/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2023005932, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 18.32455, do día 17/03/2023 polo que se concede ao *Concello de Caldas de Reis*, CIF: P3600500G, a cantidade de 116.414,95 euros con destino ao financiamento do investimento “CREACION DE PARQUE INFANTIL ENPRAZA DE MARTIN DE HERRERA” cun orzamento que importa 141.939,61 euros.
- O novo proxecto presentado modifica o orzamento orixinal que pasa a ser 141.939,61 euros, pero non altera o importa da subvención inicialmente concedida nin o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.
- Deixar constancia que o concello achega á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade (Patrimonio), polo que se levanta o condicionante que figura na concesión inicial.
- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 18.32455, do día 17/03/2023, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Caldas de Reis*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



21.33454.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA AO CONCELLO DE CRECENTE PARA OS INVESTIMENTOS “RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN PARADA – REBORDECHÁN”, “RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN SOUTO – FILGUEIRA” E “RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN PEREIRAS – SENDELLE”, AO ABEIRO DO PLAN DE AXUDAS POLAS INUNDACIÓNS (Expte.2023035374)

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante o acordo núm. 13.32349 de 03/03/2023, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023, publicadas no BOPPO núm. 46, de 07/03/2023. Na base 13ª indicábase que as actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30/11/2023.
- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 16.32810, de 30/06/2023, concedeuse unha subvención ao Concello de Crecente por importe de 87.180,00 euros con destino ao financiamento de distintas actuacións ao abeiro da dita convocatoria, cun orzamento polo mesmo importe, de conformidade coa seguinte táboa:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
1. LIMPEZA DE VIAL EN VARÓNS E EN REGO NA PARROQUIA DE FILGUEIRA E DE VIAL EN MOLLAPÁN – FREIXO	1.974,72 €	1.974,72 €
2. RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN MOSTEIRO – ALBEOS	4.540,91 €	4.540,91 €
3. RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN RIBEIRA DE ABAIXO – RIBEIRA	730,34 €	730,34 €
4. RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN NANE – FREIXO	3.941,60 €	3.941,60 €
5. RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN PARADA – REBORDECHÁN	24.346,00 €	24.346,00 €
6. RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN SOUTO – FILGUEIRA	29.988,65 €	29.988,65 €
7. RECONSTRUCCIÓN DE MURO EN PEREIRAS – SENDELLE	21.657,78 €	21.657,78 €
TOTAL	87.180,00 €	87.180,00 €

A concesión da subvención quedaba condicionada á obtención da autorización sectorial solicitada o 08/05/2023 ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para as actuacións núm. 3 e 5.

- Posteriormente, a Xunta de Goberno, mediante o acordo núm. 4.33017 de 06/10/2023, prorrogou en dous (2) meses e medio o prazo de xustificación e execución das actuacións da citada convocatoria ata o 15/02/2024, publicado no BOPPO núm. 196, de 10/10/2023.



- O 19/01/2024 o Concello de Crecente presenta unha solicitude no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024002809), completada nas datas 29/01/2024, 30/01/2024, 31/01/2024, 02/02/2024 e 05/02/2024 (núm. rexistro WEB2024004187, WEB2024004454, WEB2024004988, WEB2024005871 e WEB2024006436 , respectivamente), de ampliación de prazo de execución e xustificación das actuacións núm. 5, 6 e 7 (Reconstrución de muros en Parada, Souto e Pereiras), ao alegar que, de conformidade co informe do director de obras de 19/01/2024, e completado o 01/02/2024, *“no transcurso das citadas obras, as cales se están a realizar ao mesmo tempo por parte da empresa contratista, xurdiron circunstancias imprevisibles que levaron a ralentizar o curso normal da mesma, debido principalmente a retrasos orixinados polas condicións de desabastecemento de materias primas no mercado que se está producindo nos últimos meses, en concreto pola materia prima de pedra, material fundamental para a execución das obras (...)”*.
- O Concello presenta o contrato asinado coa empresa adjudicataria, Construcciones Vale, SL, na data 02/10/2023 no que se recolle que se iniciou o procedemento de contratación o 23/07/2023, nas semanas posteriores á concesión da subvención. Consta a solicitude formulada pola empresa contratista o 01/02/2024 ao Concello dunha prórroga de dous meses do prazo de execución na que se alega que *“O día 20 de novembro de 2023 realizouse o pedido para a subministración de materiais e obra, principalmente bloques de pedra para a execución de muros e o subministrador deu como posible data de entrega a primeira semana de febreiro de 2024. Actualmente estamos pendentes de recibir o devandito material (...)”*.

A empresa subministradora da pedra, Granitos Granagris, SLU, emite un informe o 01/02/2024 no que reconece o retraso considerable na subministración de pedra alegando distintos motivos que provocan esta demora na subministración.

Así mesmo, o Concello achega a autorización sectorial de AXI de data 07/08/2023 para a actuación núm. 5 denominada “Reconstrución de muro en Parada – Rebordechán”.

Finalmente, como documentación complementaria de toda a anterior, o Concello achega informe técnico de data 02/02/2024 e certificado de Secretaría de data 05/02/2024, documentos onde se reflicten, de forma exhaustiva, as concretas causas de demora da sinatura da acta de replanteo e os retrasos na execución do investimento, respectivamente.

- A solicitude de prórroga conta co informe favorable da xefa do Servizo de Cooperación de data 05/02/2024 e da Intervención Provincial de data 06/02/2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras da convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023 (Plan de axudas por inundacións).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- A base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións recolle que a instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª do Plan de axudas por inundacións, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

PRAZO DA PRÓRROGA

- A base reguladora 13ª do Plan de axudas por inundacións, denominada “Execución das actuacións e modificación do proxecto”, recolle que antes do vencemento do prazo de execución e xustificación, este prazo poderá ser ampliado ata seis meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude, previa solicitude motivada e aprobación polo órgano competente da Deputación.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a autorización da prórroga.



CONCLUSIÓNS

Na solicitude presentada polo Concello de Crecente de prórroga do prazo para a execución e xustificación das actuacións núm. 5, 6 e 7 ao abeiro do Plan de axudas por inundacións, queda acreditada que a insuficiencia da subministración de materiais impide a correcta execución das obras, impedindo o cumprimento do prazo de execución e xustificación destas tres actuacións.

O procedemento de concesión de subvención neste Plan entre os distintos concellos foi por concorrencia non competitiva, sen compararse as solicitudes entre si, polo que ampliación do prazo de execución e xustificación ao Concello de Crecente non afecta a asignación do crédito entre os beneficiarios, non produce indefensión, non prexudica dereitos de terceiras persoas nin vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS.

A base reguladora 13ª indica que o prazo de execución e xustificación das actuacións poderá ser ampliado ata seis (6) meses naqueles casos debidamente xustificadas en que a obtención dos permisos sectoriais se demore por tempo superior a tres meses desde a súa solicitude. Non obstante, malia que esta solicitude de prórroga non está relacionada cos permisos sectoriais, ao non ser as actuacións obxecto de subvención adjudicadas mediante contratos menores evitando a aplicación das regras xerais de contratación, recollidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, se non licitadas mediante procedemento aberto simplificado, e tendo en conta as incidencias xurdidas, debe considerarse dito prazo para proceder ao outorgamento da prórroga solicitada polo Concello.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Crecente*, CIF P3601400I, unha prórroga pola que se amplía o novo prazo de execución e xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade o citado prazo en dous (2) meses e medio, para as seguintes actuacións:

5. Reconstrución de muro en Parada – Rebordechán
6. Reconstrución de muro en Souto – Filgueira
7. Reconstrución de muro en Pereiras – Sendelle

O prazo de execución e xustificación remata o 15/02/2024 para as restantes actuacións:

1. Limpeza de vial en Varóns e en Rego na parroquia de Filgueira e de vial en Mollapán – Freixo
2. Reconstrución de muro en Mosteiro – Albeos
3. Reconstrución de muro en Ribeira de Abaixo – Ribeira
4. Reconstrución de muro en Nane – Freixo

- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Crecente*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



22.33455.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DEPORTIVO DA PROBA CICLISTA “O GRAN CAMIÑO”. (EXPTE.2023071705)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 30/01/24, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, da contratación do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “O Gran Camiño”, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Eze Mosquera Events, S.L.

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 30/01/24, á empresa Eze Mosquera Events, S.L., no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 31/01/24 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	110.000,00 €
IVE (21 %)	23.100,00 €
Importe ofertado con IVE	133.100,00 €

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

EMPRESA	OFERTA	PUNTUACIÓN
Eze Mosquera Events, S.L. (CIF B70351341)	110.000,00 €	0,000

Comprobada a documentación presentada, cumpre cos requisitos establecidos nos pregos. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva (carta de pago núm. 202400029258 de data 05/02/2024 polo importe de 5.500,00 euros).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicárase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Adxudicar o contrato de patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “O Gran Camiño”, á empresa Eze Mosquera Events, S.L. (B70351341), polo seguinte prezo ofertado e conforme ao establecido na súa oferta:

Importe ofertado sen IVE	110.000,00 €
IVE (21 %)	23.100,00 €
Importe ofertado con IVE	133.100,00 €

O prazo máximo de duración do contrato será desde a data de formalización ata a conclusión da última etapa da volta ciclista, o día 25 de febreiro de 2024.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato a David Simal Fondevila, Xefatura do servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: Total.

Fitos de facturación: O prezo do contrato farase efectivo contra a emisión da correspondente factura ao final das 4 etapas, unha vez entrega a memoria detallada na que se recolla pormenorizadamente todas as accións publicitarias recollidas no prego de prescricións técnicas, ao finalizar a proba ou evento deportivo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2023071705		
Órgano xestor:	LA006118	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

23.33456.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN DO CASTELO DE SOBROSO. (Expte.2021036804)

Na sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de servizo de xestión do Castelo de Sobroso á empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954), polos prezos e valores ofertados conforme ao seguinte detalle:

Prezo:

Prezo sen IVE:	109.800,00 €
IVE (21%):	23.058,00 €
Prezo total:	132.858,00 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 04 de abril de 2022 e o prazo de duración é de un ano a contar desde o día seguinte á data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha delas.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 17 de febreiro de 2023, a primeira prórroga do contrato de “Servizo de xestión do Castelo de Sobroso” dende o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 17 de xaneiro de 2024, a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 05 de abril do 2024 ata o 04 de abril do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 16 de xaneiro de 2024 (data de comparecencia: 16/01/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 30 de xaneiro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202400020115, polo importe de 98.167,30 euros, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 24/433.3363.227.99, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202400020116, polo importe de 34.690,70 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.3363.227.99, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024 e 2025.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 01 de febreiro do 2024 (CSV: G2Q598A1L4CXG94W), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de servizo de xestión do Castelo de Sobroso por un ano, desde o 05 de abril do 2024 ata o 04 de abril do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 05 de abril do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de xestión do Castelo de Sobroso” subscrito coa empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B94054954), durante o período desde o 05 de abril do 2024 ata o 04 de abril do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024	24/433.3363.227.99 (vinculación)	98.167,30 €
2025	25/433.3363.227.99	34.690,70 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.



24.33457.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE CREATIVIDADE E LANZAMENTO DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS. (Expte.2021038283)

Na sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas* á empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045), polos valores ofertados conforme ao detalle reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 05 de abril de 2022 e o prazo de duración é de un ano a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 17 de febreiro de 2023, a primeira prórroga do contrato de “Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas” dende o 05 de abril do 2023 ata o 04 de abril do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 21 de xaneiro de 2024, a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, coa conformidade da deputada delegada, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 05 de abril do 2024 ata o 04 de abril do 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 15 de xaneiro de 2024 (data de comparecencia: 22/01/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 29 de xaneiro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito con número de operación 202400018820, polo importe de 62.024,60 €, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 23/433.4320.227.75, e documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202400018823, polo importe de 75.358,80 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/433.4320.227.75, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024 e 2025.



De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 01 de febreiro do 2024 (CSV: H9O38SI3SIEO2DFW), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas por un ano, desde o 05 de abril do 2024 ata o 04 de abril do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 05 de abril do 2024.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato para a prestación do “Servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas” subscrito coa empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (B27786045), durante o período desde o 05 de abril do 2024 ata o 04 de abril do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024	24/433.4320.227.75	62.024,60 €
2025	25/433.4320.227.75	75.358,80 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2025 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

25.33458.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DOS CONTRATOS DOS LOTES 2 E 3 DO SERVIZO DE TALA DE ARBORADO NO DOMINIO PÚBLICO DAS MARXES EN ESTRADAS DE TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2020022320)

Na sesión ordinaria do día 19 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou, por lotes, o contrato que rexe na prestación do *Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra* ás seguintes empresas e de acordo cos prezos unitarios reflexados no citado acordo:

- Lote Nº 1 á empresa Ocisat SL (CIF B-15.480.403)
- Lote Nº 2 á empresa Misturas Obras e Proxectos S.A. (CIF A-32.118.705)
- Lote Nº 3 á empresa Maderdeza Forestal y Servicios S.L. (CIF B-94.190.899)



Os contratos de cada un dos lotes formalizáronse en documento administrativo de data 25 de marzo de 2021 e o prazo de duración é de un ano desde a súa formalización, establecéndose a posibilidade de tres prorrogas de un ano de duración cada unha delas.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, mediante acordo adoptado nas súas sesións ordinarias de data 25 de febreiro de 2022 e data 10 de febreiro de 2023, a primeira e segunda prórroga, respectivamente, do contrato de “Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra”, tendo esta última vixencia ata o 24 de marzo de 2024 e permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Así mesmo, mediante Resolución Presidencial número 2023000142, de data 12/01/2023, acordase a resolución do lote 1 do contrato coa empresa Ocisat S.L.

Con data 19 de xaneiro de 2024, a Xefa dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais xunto co Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade da deputada delegada, emite informe, co CSV 6II7VOSR2RI2B2HR, no que se solicita prorrogar os lotes 2 e 3 do devandito contrato polo período dun ano, con efectos dende o 25 de marzo de 2024 e ata o 24 de marzo de 2025.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga dos lotes 2 e 3 do contrato en data 17 de xaneiro de 2024, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 24 de xaneiro do 2024, a Intervención emitiu documento de retención de crédito polo importe de 86.394,00 € para o lote 2 e 57.596,00 € para o lote 3, con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.210.00, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 30 de xaneiro do 2024 (CSV: 7II7UORF1ZZ72K7U), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga dos lotes 2 e 3 do contrato de servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra por un ano, desde o 25 de marzo do 2024 ata o 24 de marzo do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 25 de marzo do 2024.”



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a terceira prórroga dos lotes 2 e 3 do contrato para a prestación do “Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra” subscrito coas empresas Misturas Obras e Proxectos S.A.(CIF A-32.118.705) para o Lote 2 e Maderdeza Forestal y Servicios S.L(CIF B-94.190.899) para o Lote 3, durante o período do 25 de marzo do 2024 ata o 24 de marzo do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Lote	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
Lote 2	2024	24/456.4530.210.00	86.394,00 €
Lote 3	2024	24/456.4530.210.00	57.596,00 €

26.33459.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á OBRA “ENSANCHE E MELLORADA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0307 PESO-CAROI ENTRE OS P.Q. 4+000 E 6+000 (A LAMA)”. (Expte.2019012994) (Devogarán 2020021287)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 07 de febreiro de 2020 (CSV.-XULL0JX6G88R2RJ4), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a contratación da obra de “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi entre os P.Q. 4+000 e 6+000 (A Lama)*”. (Expte.2019012994).

Para responder da realización deste servizo, a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36258861), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36258861)	30.971,64€	202000018292	27/01/2020



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- S83IQX6XKUUS0V7I), no cal sinala que realizada visita a obra (...), informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores (...), polo que pode procede a liquidación da obra sen variación económica e a devolución da fianza definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- GBGI4KBUQW1MUJ9S), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36258861), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de obra de “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0307 Peso-Caroi entre os P.Q. 4+000 e 6+000 (A Lama)*” (Expte. 2019012994), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva, constituída en valores pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36258861), mediante aval de GENERALI, para responder de dito contrato por importe de 30.971,64€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 27/01/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000018292.

27.33460.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA VALORIZA FACILITIES, S.A.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN GLOBAL E INTEGRADA QUE SUPOÑA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ENERXÉTICOS NA CIPF”. (Expte.2015035902) (Devogarán2024001894)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 28 de decembro de 2012 (Núm. Rex.- 000262), adjudicouse o contrato para a “*Realización dunha actuación global e integrada que supoña a mellora da eficiencia enerxética e prestación de servizos enerxéticos na CIPF*”. (Expte. 2015035902).



Para responder da realización deste servizo, a empresa VALORIZA FACILITIES, S.A.U. (A-83709873) - Na actualidade SACYR FACILITIES, S.A.-, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
VALORIZA FACILITIES, S.A.U. (A-83709873)	149.690,72€	201200102229	27/12/2012

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Centro Príncipe Felipe (CSV.- BST2SUC24MSGV4YW), no cal sinala que a entidade mercantil VALORIZA FACILITIES, S.A.U., cumpriu satisfactoriamente co obxecto do mesmo (...), polo que, non existe inconveniente algún para proceder a devolución da garantía definitiva depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- Y6SVJLQPNTGM6TUY), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil VALORIZA FACILITIES, S.A.U. (A-83709873), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcrito o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Realización dunha actuación global e integrada que supoña a mellora da eficiencia enerxética e prestación de servizos enerxéticos na CIPF*” (Expte. 2015035902), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva, constituída en valores pola entidade mercantil VALORIZA FACILITIES, S.A.U. (A-83709873) -Na actualidade SACYR FACILITIES, S.A.-, mediante aval de BANCO POPULAR ESPAÑOL, para responder de dito contrato por importe de 149.690,72€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 27/12/2012, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201200102229.



28.33461.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA SMART HUMAN LOGISTICS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE MANTEMENTO DO SISTEMA CORPORATIVO DE CONTROL HORARIO E DO PORTAL DO FUNCIONARIO (HARDWARE E SOFTWARE) PARA O ANOS 2022 E 2023”. (Expte.2021042887) (Devogarán 2023073663)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de decembro de 2021 (CSV.- 1YWQ14B87W28NYA1), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, a contratación do “*Servizo de mantemento do Sistema Corporativo de Control Horario y del Portal del Funcionario (hardware y software) para o 2022 e 2023*”. (Expte. 2021042887).

Para responder da realización deste servizo, a empresa SMART HUMAN LOGISTICS, S.L. (B-82740549), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
SMART HUMAN LOGISTICS, S.L. (B-82740549)	2.580,06€	202100226208	30/11/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- O6L5HOCZ97YJ8VOP), no cal sinala que finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida, (...) o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións, por parte do adxudicatario (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- WDHC5ZRHU3WQ0XUV), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil SMART HUMAN LOGISTICS, S.L. (B-82740549), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de mantemento do Sistema Corporativo de Control Horario y del Portal del Funcionario (hardware y software) para o 2022 e 2023*” (Expte. 2022062668), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva, constituída en metálico pola entidade mercantil *SMART HUMAN LOGISTICS, S.L. (B-82740549)*, para responder de dito contrato, por importe de 2.580,06€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 30/11/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100226208.

29.33462.- INICIO DO PROCEDEMENTO PARA DECLARAR A PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE PORTAS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS OU EXECUCIÓN DE OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA RELATIVO A “MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO VIEIRO MUNICIPAL QUE BORDEA O EDIFICIO DO CONCELLO DE PORTAS”. (Expte. 2021019125)

1º.-Por Acordo da Xunta de Goberno nº7.29900 na súa sesión de data 12 de febreiro de 2021 acordou a aprobación das Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos (eixe 1) ou execución de obras (eixe 2) de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021.

Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

2º.-En data 12 de abril de 2021 e con número de WEB2021015691, o concello de Portas presentou solicitude de concesión de subvención ao abeiro da amentada convocatoria e documentación adicional.

3º.-En data 21 de abril de 2021 notificóuselle ao concello de Portas requirimento de emenda da solicitude.

4º.-En data 22 de abril de 2021 e con número de rexistro WEB2021017655, o concello de Portas, en contestación ao requirimento efectuado, achega a documentación solicitada.



5º.-Por acordo da Xunta de Goberno nº 20.30692 na súa sesión de data 6 de agosto de 2021 adjudicoulle ao Concello de Portas unha subvención por un importe máximo de 50.000 euros (eixe 1) para a redacción do proxecto de obras de “Mellora da accesibilidade no vieiro municipal que bordea o edificio do Concello de Portas (Concello de Portas)”, conforme ás Bases Reguladoras da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021.

Esta subvención financiase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo á aplicación 21/456.9420.762.10.2020 (eixe 1).

6º.-En data 22 de marzo de 2023, requiríuselle (CSV: 1MPPW32H1DQI5HGF) ao Concello de Portas a presentación en formato electrónico do proxecto redactado e o certificado dun técnico/a municipal no que se acredite que o proxecto cumpre os requisitos técnicos establecidos na base reguladora cuarta. O acceso a o seu contido produciuse o 23 de marzo de 2023, advertíndoselle no devandito requirimento que a falta de presentación da documentación no prazo improrrogable de quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao da recepción do presente requirimento, suporá o inicio do expediente de perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo coas bases décimo quinta e décimo sétima.

Transcorrido o prazo de 15 días naturais establecido, non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ó cobro da axuda económica concedida.

7º.-Resultando que con data 25 de outubro de 2023, os Servizos Técnicos emiten informe proposta incoación do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

8º.-Resultando que con data 30 de novembro de 2023 dende Intervención remiten dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención adjudicada ao Concello de Portas por un importe máximo de 50.000 euros (eixe 1) para a redacción do proxecto de obras de “Mellora da accesibilidade no vieiro municipal que bordea o edificio do Concello de Portas”.

9º.-Resultado que con data 21 de decembro de 2023 ponse a disposición do Concello de Portas a Notificación con código NOT/2023029428 coa Resolución Presidencial CSV: 77UBZ0TWWEMQLJZG onde se acorda o inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida no marco da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede Ágora, por importe de 50.000 euros, ao concello de Portas co obxecto do financiamento do investimento “Mellora da accesibilidade no vieiro municipal que bordea o edificio do Concello de Portas”, por incumprimento da obriga de xustificación.

Con data 26 de decembro de 2023 produciuse o acceso ao contido da notificación.



Concedese un prazo de quince días hábiles para que o Concello interesado poida realizar cantas alegacións estime oportunas.

Advertido que no caso de non realizar alegacións e transcorrido dito prazo ditarase polo órgano competente a resolución que proceda.

10º.-Resultando que forma parte do expediente informe de Rexistro onde se recolle que “desde o 27 de decembro de 2023 ata a o 17 de xaneiro de 2024 non consta ningunha reclamación nin alegación á notificación da Resolución Presidencial pola que se acorda o inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao Concello de Portas para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos nos Concellos da Rede Ágora relativo a o proxecto Mellora da accesibilidade no vieiro municipal que bordea o edificio do Concello de Portas.

Fundamentos de dereito:

Normativa examinada:

As subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede Ágora réxense polo disposto nas propias bases da convocatoria e supletoriamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro (base vixésima).

Na base 25- Normas xerais reguladoras das subvencións- das de execución do orzamento en vigor recóllese así mesmo o réxime xurídico sinalando que está constituído por:

- a. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- b. Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- c. Lexislación básica do Estado reguladora da Administración local (artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL e artigos 40, 189.2 e 214.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
- d. Normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, artigos 87 a 89 e RD 1755/87, de 23 de decembro, e disposicións concordantes).
- e. Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, OXSDEPPO

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento da deputación Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida no marco da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede Ágora, por importe de 50.000 euros, ao concello de Portas co obxecto do financiamento do investimento “Mellora da accesibilidade no vieiro municipal que bordea o edificio do Concello de Portas , por incumprimento da obriga de xustificación.



2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que o concello interesado poida realizar cantas alegacións estime oportunas. No caso de non realizar alegacións e transcorrido dito prazo dítarase polo órgano competente a resolución que proceda.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que transcorrido dito prazo, conlevará á perda da subvención referida do xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Portas*, Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

30.33463.- INICIO DO PROCEDEMENTO PARA DECLARAR A PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE SANXENXO PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS OU EXECUCIÓN DE OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA RELATIVO A “SOTERRAMENTO DO TRÁFICO RODADO PARA HUMANIZACIÓN DA PLATAFORMA SUPERIOR DO PASEO PRAIA DE SILGAR (CONCELLO DE SANXENXO)”. (Expte. 2021018220)

Antecedentes de feito:

1º.-Por Acordo da Xunta de Goberno nº7.29900 na súa sesión de data 12 de febreiro de 2021 acordou a aprobación das Bases Reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos (eixe 1) ou execución de obras (eixe 2) de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021.

Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

2º.-En data 7 de abril de 2021 e con número de rexistro WEB2021014747, o Concello de Sanxenxo presentou solicitude de concesión de subvención ao abeiro da amentada convocatoria e documentación adicional.

3º.-Por acordo da Xunta de Goberno nº 20.30692 na súa sesión de data 6 de agosto de 2021 adjudicoulle ao Concello de Sanxenxo unha subvención por un importe máximo de 50.000 euros (eixe 1) para a redacción do proxecto de obras de “Soterramento do Tráfico rodado para a humanización da plataforma superior do paseo Praia de Silgar”, conforme ás Bases Reguladoras da convocatoria publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021.



Esta subvención financíase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo á aplicación 21/456.9420.762.10.2020 (eixe 1).

4º.-En data 22 de marzo de 2023, requiríuselle (CSV: 2A1DUPZ993LOMVZZ) ao Concello de Sanxenxo a presentación en formato electrónico do proxecto redactado e o certificado dun técnico/a municipal no que se acredite que o proxecto cumpre os requisitos técnicos establecidos na base reguladora cuarta. O acceso a o seu contido produciuse na mesma data, advertíndoselle no devandito requirimento que a falta de presentación da documentación no prazo improrrogable de quince (15) días naturais contados desde o seguinte ao da recepción do presente requirimento, suporá o inicio do expediente de perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, de acordo coas bases décimo quinta e décimo sétima.

Transcorrido o prazo de 15 días establecido, non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ó cobro da axuda económica concedida.

5º.-Resultando que con data 27 de novembro de 2023, o Servizo Técnico emiten informe co CSV: 4Q2FC1OJ9CV6XTWM onde se informa favorablemente o inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida e demais responsabilidades previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

6º.-Resultando que con data 30 de novembro de 2023 dende Intervención remiten dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención adjudicada ao Concello de Sanxenxo por un importe máximo de 50.000 euros (eixe 1) para a redacción do proxecto de obras de “Soterramento do Tráfico rodado para a humanización da plataforma superior do paseo Praia de Silgar”.

7º.-Resultado que con data 15 de decembro de 2023 ponse a disposición do Concello de Sanxenxo a Notificación con código NOT/2023028985 coa Resolución Presidencial CSV: XB1J6CUWPGDV2C8G onde se acorda o inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida no marco da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede Ágora, por importe de 50.000€, ao concello de Sanxenxo co obxecto do financiamento do investimento “Soterramento do tráfico rodado para a humanización da plataforma superior do paseo praia de silgar” (Expediente 2021018220), por incumprimento da obriga de xustificación.

Con data 15 de decembro de 2023 as 11:51 produciuse o acceso ao contido da notificación.

Concedeuse un prazo de quince días hábiles para que o concello interesado poida realizar cantas alegacións estime oportunas.



Advertido que no caso de non realizar alegacións e transcorrido dito prazo ditarase polo órgano competente a resolución que proceda.

8º.-Resultando que consta no expediente informe de Rexistro onde se recolle que “*desde o 18 de decembro de 2023 ata a o 9 de xaneiro de 2024 non consta ningunha reclamación nin alegación á notificación da Resolución Presidencial pola que se acorda o inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida ao Concello de Sanxenxo para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos nos Concellos da Rede Ágora relativo a o proxecto Soterramento do tráfico rodado para humanización da plataforma superior do paseo Praia de Silgar*”.

Fundamentos de dereito:

Normativa examinada:

As subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede Ágora réxense polo disposto nas propias bases da convocatoria e supletoriamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro (base vixésima).

Na base 25- Normas xerais reguladoras das subvencións- das de execución do orzamento en vigor recóllese así mesmo o réxime xurídico sinalando que está constituído por:

- a. Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- b. Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- c. Lexislación básica do Estado reguladora da Administración local (artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, LRBRL e artigos 40, 189.2 e 214.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
- d. Normativa europea (Tratado constitutivo da Unión Europea, artigos 87 a 89 e RD 1755/87, de 23 de decembro, e disposicións concordantes).
- e. Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, OXSDEPPO

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento da deputación Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Inicio do procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida no marco da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da Rede Ágora, por importe de 50.000 €, ao concello de Sanxenxo co obxecto do financiamento do investimento “Soterramento do tráfico rodado para a humanización da plataforma superior do paseo praia de silgar” (Expediente 2021018220), por incumprimento da obriga de xustificación.
2. Conceder un prazo de quince días hábiles para que o concello interesado poida realizar cantas alegacións estime oportunas. No caso de non realizar alegacións e transcorrido dito prazo ditarase polo órgano competente a resolución que proceda.



3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que transcorrido dito prazo, conlevará á perda da subvención referida do xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución ao *Concello de Sanxenxo*, Intervención e ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

31.33464.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB PESCA DEPORTIVA CIES POR “VII CTO. SOLIDARIO”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 28/07/2023. (Expte. 2023023575)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/23 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (expediente 2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/23.

Segundo.- En data 24/03/23 Víctor Manuel Ferreiro Fariña, en representación do Club Pesca Deportiva Cies (NIF: G94114667) presenta solicitude para o “VII Campionato Solidario”, achegando un orzamento da actividade por importe de 6.740,00 €.

Terceiro.- En data 28/07/23 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/23 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura o Club Pesca Deportiva Cies (NIF: G94114667) e na contía de 731,83 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 29/01/24 Víctor Manuel Ferreiro Fariña, en representación do Club Pesca Deportiva Cies (NIF: G94114667) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida sinalando que non se puido xustificar a subvención concedida ao non celebrarse o evento.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 01.02.24 a renuncia presentada polo Club Pesca Deportiva Cies (NIF: G94114667).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).



- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o [artigo 22.1 da Lei 38/2003](#), Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo Club Pesca Deportiva Cies (NIF: G94114667) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 731,83 € para a realización de actividades do “VII Campionato Solidario” (documento co CSV: KQ0S8RL654D8X8W3).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

32.33465.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á SCD ATLÁNTIDA POR “PENEDO CUP IV”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO 28/07/2023. (Expte: 2023021744)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/23 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (expediente 2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/23.

Segundo.- En data 21/03/23 Cristian González Martínez, en representación da SCD Atlántida (NIF: G36620854) presenta solicitude para o “Penedo Cup IV”, achegando un orzamento da actividade por importe de 4.000,00 €.

Terceiro.- En data 28/07/23 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04.08.23 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura a SCD Atlántida (NIF: G36620854) e na contía de 434,32 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 31/01/24 Cristian González Martínez, en representación da SDC Atlántida (NIF: G36620854) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida sinalando que non se puido xustificar a subvención concedida ao non celebrase o evento.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 01.02.24 a renuncia presentada pola SCD Atlántida (NIF: G36620854).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola SCD Atlántida (NIF: G36620854) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 434,32 € para a realización de actividades do “Penedo Cup IV” (documento co CSV: UF9ICE718MYTVGDK).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

33.33466.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA Y CULTURAL GALICIA SIN LÍMITE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS BASES DE SUBVENCIÓN DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2023. (Expte. 2023023215)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 24 de xaneiro de 2023, aprobou as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 (Acordo núm. 5.32484), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 38 de 23 de febreiro de 2023.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 4 de agosto de 2023 (Acordo núm. 18.32887), concederlle á Asociación Deportiva y Cultural Galicia Sin Límite, con CIF G-09740945, unha subvención de 3.448,00 € para o programa ”Palabras de mar e terra: toponimia, fauna e flora galega”.

Con data de 15 de xaneiro de 2024 e número de rexistro WEB2024002021, a *Asociación Deportiva y Cultural Galicia Sin Límite* presenta renuncia á subvención concedida no seu día, xa que non puideron levar a cabo a actividade.

Con data de 16 de xaneiro de 2024, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 23 de xaneiro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).



- ✓ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14^a da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación Deportiva y Cultural Galicia Sin Límite presenta, en data de 15 de xaneiro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 para o programa ” Palabras de mar e terra: toponimia, fauna e flora galega”.

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 16 de xaneiro de 2024 (CSV: 4PQP5HI1XSEMTAJ8) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 23 de xaneiro de 2024 (CSV: RAH6BM4UQ2BQLNG0), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da *Asociación Deportiva y Cultural Galicia sin Límite* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2023 para o programa ”Palabras de mar e terra: toponimia, fauna e flora galega”. (Expte. 2023023215).
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á *Asociación Deportiva y Cultural Galicia sin Límite*, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.



34.33467.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN TURÍSTICA DO MORRAZO Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS BASES DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2022. (Expte. 2022017827)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 18 de marzo de 2022, aprobou as Bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022 (Acordo núm. 5.31456), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm. 58 de 24 de marzo de 2022.

Ao amparo da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria de 1 de xullo de 2022 (Acordo núm. 15.31916), concederlle á Asociación para a Promoción Turística do Morrazo, con CIF: G94021888, unha subvención de 1.503,75 euros para o programa "Charla coloquio recital poetas galegos".

Con data de 28 de xaneiro de 2024 e número de rexistro WEB2024004027, a Asociación para a Promoción Turística do Morrazo presenta renuncia á subvención concedida no seu día, debido a problemas organizativos da propia entidade.

Con data de 29 de xaneiro de 2024, a xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos informa da dita renuncia, na que solicita dilixencia de fiscalizado e conforme á área de Intervención.

Con data de 31 de xaneiro de 2024, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- ✓ Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- ✓ Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- ✓ Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- ✓ Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- ✓ Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- ✓ Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).



- ✓ Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- ✓ Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- ✓ Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- ✓ Bases reguladoras de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022.
- ✓ Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 14^a da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, a cuxa xefatura lle corresponde a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.



A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación para a Promoción Turística do Morrazo presenta, en data de 28 de xaneiro de 2024, a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022 para o programa "Charla coloquio recital poetas galegos".

Dado que non se ven prejudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefatura do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos, con data de 29 de xaneiro de 2024 (CSV: BS4I3MMS9BKO5AG0) e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data de 31 de xaneiro de 2024 (CSV: KY7ALQBC4Q4H2QXK), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da Asociación para a *Promoción Turística do Morrazo* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2022 para o programa "Charla coloquio recital poetas galegos". (Expte. 2022017827).
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo á Asociación para a *Promoción Turística do Morrazo*, á Intervención, ao Servizo Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos e ao Gabinete de Presidencia.

35.33468.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte.2024005272 e 2024005266)

a) Vista a relación de facturas con número 2024005272, que contén 19 facturas e por un importe de 47.374,69€ e con CSV: EM4F006IT1FPU991, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 31/01/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	45.099,92€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	2.274,77€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	47.374,69€



b) Vista a relación de facturas con número 2024005266, que contén 20 facturas e por un importe de 14.357,66€ e con CSV: F6V2KMOU66YSFUA6, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 31/01/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos,, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	14.383,69€
Descontos do IRPF.....	26,03€
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	14.357,66 €

36.33469.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES (Expte. 2024005255)

Vista a relación de facturas con número 2024005255, que contén 1 factura e por un importe de 5.989,50€e con CSV: HQE9DC9WNPJUO1P9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 31/01/2024, os xefes de servizo ou responsables dos centros xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	5.989,50€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	5.989,50€

37.33470.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE BAIONA. (Expte. 2023008265)

Dada conta que con data de rexistro de entrada 08/02/2023 (rex. núm. 2023002310), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D. Rafael Lorenzo Suárez en representación de Cíclope C.B., por danos en vehículo, producidos o día 20/12/2022, a consecuencia dunha arqueta sen tapa sobre a calzada da E.P. 2204 Sabarís-Belesar, no Concello de Baiona, e que cuantificou economicamente en 1.549,04 €.




Resultando.- Que con data 09/02/2023, e de conformidade co establecido no artigo 141.1, letra c), da Lei 40/2015, solicitouse á Policía Local de Baiona o informe elaborado en relación co accidente, o cal foi remitido na data 13/02/2023, recolléndose no mesmo, como dilixencia de inspección ocular, o seguinte:

(...) Obstáculo sin sinalizar en la calzada, tapa de registro de alcantarillado fuera de su ubicación, situado a 0,85 m de la oquedad, restos de desbordamiento del caudal del río Groba a consecuencia de intensas lluvias, restos de desbordamiento de aguas pluviales en la calzada. Se trata de un registro de saneamiento donde es habitual el desprendimiento de su tapa de hierro fundido por la acción de desbordamiento colapso de caudal. Posiblemente la tapa de alcantarillado fue expulsada de su ubicación por la acción del desbordamiento de las aguas pluviales en el lugar, cosa habitual y objeto de informes policiales, quedando la oquedad de alcantarillado como socavón en la calzada sin sinalizar. Durante la madrugada se han producido diversos incidentes relacionados por inundaciones de las lluvias torrenciales, fenómenos atmosféricos adversos (...)

Resultando.- Que con data 02/03/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 23/05/2023, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-2204 SABARÍS-BELESAR, na marxe dereita do p.q. 0+230. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.





SEGUNDO.- Según describe o atestado da Policía Local, o vehículo sinistrado atópase cunha tapa dun pozo de rexistro fóra do seu sitio e introduce a roda dentro da oquedade producíndose danos no vehículo.

Comprobada in situ o lugar do accidente, conséntase que o pozo de rexistro no que se produciu o accidente atópase na calzada e pertence á rede de saneamento. Dita rede é de competencia municipal e pertence ó Concello de Baiona.

Na Lei 7/1985, de 2 de abril, “Reguladora de las Bases del Régimen Local”, establécese, no seu artigo 25.2.c) que “O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos términos da lexislación do Estado y das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

Segundo o artigo 38.5. da Lei de estradas de Galicia “As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservalos nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten o adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga”.

En concordancia o artigo 172.1 do Regulamento Xeral de estradas de Galicia indica que “As persoas propietarias ou, de ser o caso, ocupantes ou arrendatarias de terreos, construcións, instalacións, especies vexetais e calquera outro elemento que incida, directa ou indirectamente, sobre o dominio público viario ou sobre as súas zonas de protección deberán mantelos nas debidas condicións de funcionamento, seguridade e salubridade para a estrada e as súas persoas usuarias”.



TERCEIRO.- Neste servizo non hai coñecemento do acontecido, xa que ninguén se puxo en contacto co servizo de conservación, nin co vixiante da zona.

CUARTO.- Non hai constancia de sinistros similares no mesmo punto en datas anteriores e posteriores.

QUINTO.- Non había sinalización advertindo do perigo con anterioridade ó sinistro, por non ter constancia da existencia do mesmo.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais respecto do citado pozo de rexistro que pertence á rede de saneamento municipal, con datas 29/05/2023 e 28/06/2023, e con fundamento no artigo 4.1, letra c), da Lei 39/2015, conferiuse ó Concello de Baiona un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesado e realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 03/07/2023, que en resumo, recolle o seguinte:

(...) Respecto ao funcionamento do servizo público cabe sinalar que o municipio, conforme aos artigos 25 e 26 da LBRL, ten atribuída a competencia en materia de abastecemento de auga e evacuación de augas residuais.

A este respecto debemos dicir que o Concello de Baiona ten adxudicado o servizo de xestión do servizo público de explotación do ciclo integral da auga do Concello de Baiona, servizo que comprende tanto o abastecemento da auga coma o saneamento.

(...) O artigo 214 do TRLCSP, regula a este respecto o seguinte: “1. Será obligación del contratista indemnizar todos los daños y perjuicios que se causen a tercero como consecuencia de las operaciones que requiera la ejecución del contrato”. Esta mesma obriga se sinala no PCAP que rexeu a licitación, en concreto nas cláusulas 4.2.e) que establece como unha obriga do concesionario “Indemnizar os danos que se causen a terceiros coma consecuencia das operacións que requiriran o desarrollo dos servizos, excepto cando o danos sexa producido por causas imputables á administración.

CONCLUSIÓN: Á vista do anteriormente exposto se entende por parte do Concello de Baiona que non queda acreditado que o dano producido sexa consecuencia por unha causa imputable a esta administración toda vez que de conformidade co artigo 214 do TRLCSP, e cláusula 4.2.e do PCAP que rexeu a licitación do servizo público de explotación do ciclo integral da auga do Concello de Baiona a responsabilidade polos danos producidos lle correspondería á mercantil adxudicataria GESTAGUA”.

Resultando.- Que con data 07/07/2023, e con fundamento no artigo 4.1, letra c), da Lei 39/2015, conferiuse a GESTAGUA un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito na data 20/07/2023, co seguinte contido:

PRIMERO: Que se ha notificado a mi representada el plazo para realizar alegaciones en el expediente de referencia, abierto a consecuencia de la reclamación efectuada por la entidad “Cíclope CB” por los daños sufridos en un vehículo de su propiedad a causa, según se indica, de una alcantarilla sin tapa en la Rúa Dr. Benito Fariñas de Baiona el 20/12/20.



SEGUNDO: Tal y como expone el informe levantado por la Policía Local que consta en el expediente, así como en el informe técnico solicitado por la Diputación a la que nos dirigimos, el levantamiento de la tapa tuvo su origen en las lluvias torrenciales que ocasionaron el desbordamiento del caudal del río Groba, es decir, un suceso completamente ajeno al mantenimiento de las alcantarillas, y que mi representada no pudo evitar de modo alguno, siendo por tanto la causa de los daños un hecho atmosférico de fuerza mayor del todo imprevisible e inevitable por parte de mi representada, completamente fortuito, ajeno a cualquier actuación de mi mandante, y en el que no existe nexo causal entre la actuación de mi representada y los daños.

TERCERO: En el mismo sentido, el informe técnico de la Diputación indica que no se registraron accidentes anteriores ni posteriores al incidente en base al que se reclama, lo que evidencia que el movimiento de la tapa de la alcantarilla debió ser inmediatamente anterior al paso del vehículo, por lo que mi mandante no lo podría haber evitado en modo alguno, sin que quepa achacar al servicio ningún tipo de falta de diligencia.

En este sentido, debemos señalar que, tradicionalmente, la jurisprudencia ha venido exigiendo la concurrencia de ciertos requisitos para apreciar la fuerza mayor, cuya prueba incumbe al deudor, al tratarse de una causa extintiva de la obligación. La SAP Madrid de 17 de octubre de 2007 recoge estos requisitos:

- a. Un hecho causante imprevisible, dentro de la normal previsión que las circunstancias exigen, o que previsto sea inevitable, insuperable o irresistible.*
- b. Que no sea debido a la voluntad del presunto deudor ("ajenidad", como ausencia total de negligencia en la causación del evento).*
- c. Que haga imposible el cumplimiento de la obligación o impida el nacimiento de la que, conforme a los artículos 1902 y 1903 y siguientes del mismo Código sustantivo, pueda sobrevenir.*
- d. Que exista una relación de causa a efecto (causación eficiente) entre el resultado y el evento que lo produjo.*

Como se señala en la SAP de Barcelona, sec. 13ª, de 18 de enero de 2012, el hecho puntual de unas lluvias torrenciales imprevisibles e inevitables constituyen un supuesto de fuerza mayor.

En el mismo sentido, la sentencia 335/17 de la AP de Valencia de 11 de diciembre de 2017, recuerda que "Establece el Tribunal Supremo, entre otras cosas numerosas resoluciones, en Sentencias de 24 de enero de 1995 y de 7 de septiembre de 1998 que, para que pueda prosperar la acción de reclamación de daños y perjuicios al amparo del Art. 1902, han de concurrir los siguientes requisitos o circunstancias:

- 1. En primer lugar, una acción u omisión negligente o culposa imputable a la persona o entidad a quien se reclama la indemnización, ejecutada por ella o por quien deba responder.*
- 2. La producción de un daño de índole material o moral que en todo caso ha de estar debidamente acreditado en su realidad y existencia, aun cuando la determinación exacta de su cuantía pueda dejarse para el periodo de ejecución.*
- 3. Finalmente, la adecuada relación de causalidad entre la acción u omisión culposa y el daño o perjuicio reclamado.*

En su virtud, SOLICITO AL EXCMA. DIPUTACION;

Que, teniendo por presentado este escrito, se sirva admitirlo, tenga por realizadas las anteriores alegaciones, y, en base a los motivos alegados dicte Resolución por la que se proceda al archivo de la reclamación planteada de contrario.



Resultando.- Que con data 13/12/2022, remitíronse ó citado Concello os enlaces nos que consultar os documentos do expediente, salvo os de mera impulsión, conferíndolle un novo prazo de dez días para realizar as alegacións que tivera por convenientes.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión dos informes técnicos e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- O informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, de data 23/05/2023, recolle que o pozo de Rexistro no que se produciu o accidente pertence á rede de saneamento.
- A citada rede é de competencia municipal e pertence ó Concello de Baiona.
- Tal e como se establece no artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, “Reguladora das Bases do Réxime Local”, “*O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*”
- Segundo o artigo 38.5. da Lei de estradas de Galicia: “*As persoas propietarias dos terreos, construcións, establecementos, instalacións ou outros bens situados nas zonas de protección das estradas e as titulares das actividades que se desenvolvan naqueles están obrigadas a conservarlos nas debidas condicións de limpeza e seguridade para que non afecten o adecuado funcionamento do servizo público viario, e deberán executar as obras e actuacións necesarias para mantelos nas debidas condicións. Serán responsables dos danos e perdas causados polo incumprimento desta obriga*”.
- En concordancia, o artigo 172.1 do Regulamento Xeral de estradas de Galicia indica que “*As persoas propietarias ou, de ser o caso, ocupantes ou arrendatarias de terreos, construcións, instalacións, especies vexetais e calquera outro elemento que incida, directa ou indirectamente, sobre o dominio público viario ou sobre as súas zonas de protección deberán mantelos nas debidas condicións de funcionamento, seguridade e salubridade para a estrada e as súas persoas usuarias*”.



- Non se tivo coñecemento do acontecido, xa que ninguén se puxo en contacto co servizo de conservación de estradas nin co vixiante da zona.
- Non había sinalización advertindo do perigo por non se ter constancia do mesmo.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que non pode a Deputación facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a titular da vía sobre a que se atopa a arqueta, toda vez que o obxecto da reclamación é un defecto dun elemento pertencente á rede de saneamento municipal do cal non se tivo constancia, non podendo imputárselle responsabilidade a esta Administración pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle no seu artigo 25.2, letra c) como competencias propias do Municipio o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e tratamento de augas residuais, por iso, no presente caso a responsabilidade recaería sobre o Concello de Baiona ou sobre a empresa concesionaria á que, ao abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería esixíselle a responsabilidade, e iso sen prexuízo da forza maior que, de apreciarse, operaría como causa de exoneración da citada responsabilidade, motivo polo cal a solicitude de indemnización debe ser rexeitada por esta Deputación.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.



38.33471.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE NIGRÁN. (Expte. 2023002315)

Dada conta que con data de rexistro 11/01/2023 (rex. núm. 2023000524), recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial suscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de D.^a M.^a Jesús Pereira Villar, por danos ocasionados ó seu vehículo, estacionado á altura do p.q. 0+900 da estrada provincial E.P. 2103 Priegue-Prado, no *Concello de Nigrán*, a consecuencia dos traballos de pintado da calzada que se estaban a realizar o día 13/06/2022, e que cuantificou economicamente en 126,32 €.

Resultando.- Que, xunto coa instancia, achega a reclamante parte atestado da policía Local de Nigrán, no que se recolle o seguinte:

“... Que sendo las 22:00 del día 13/06/2022 se recibe una llamada de D. Rafael Cambeiro Janeiro (nº de teléfono 673 535 483), propietario del vehículo Volkswagen Golf con matrícula 2970FMB, informando de que los operarios que habían estado ese mismo día pintando las marcas viales en Rúa do Torreiro salpicaron su vehículo con pintura, el cual se encontraba estacionado a la altura del nº 44. Junto a él se encontraba también estacionado y salpicado de pintura el vehículo BMW 118D con matrícula 1017GBT, del que D. José Rafael se estaba haciendo cargo por ser propietario de un taller y pertenecer a un cliente suyo. Personados en el lugar se comprueba que es cierto y se toman fotografías...”



Resultando.- Que con data 24/01/2023 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2 do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 03/02/2023, co seguinte contido:

PRIMEIRO.- A localización do sinistro reclamado sitúase na EP-2103 PRIEGUE - PRADO, na marxe dereita do p.q. 0+900. Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- O día do suceso (13 de xuño de 2022), estábanse a executar nesa estrada tarefas de conservación e mantemento das estradas provinciais promovidas pola deputación Provincial, e consistentes no pintado das marcas viais pertencentes á sinalización horizontal da estrada.

A empresa contratada para a execución do contrato de conservación e mantemento desa zona é MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.

Enxeñeiro

M^a. Elena Pérez Alonso

Resultando.- Que con datas 09/02/2023 e 08/03/2023, e de conformidade co disposto no artigo 4.1, apartado c), da Lei 39/2015, emprazouse á mercantil MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., para que puidera comparecer como interesada e facer as alegacións que tivera por convenientes, sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido resposta ningunha por parte da mesma.

Resultando.- Que en diversas ocasións, e a medio de chamadas telefónicas, reiterouse a MISTURAS a necesidade de resposta no citado emprazamento ó efecto de resolver o expediente, algunhas destas chamadas realizáronse, por exemplo, nas datas 26/04/2023 e 03/11/2023, sendo que nesta última, D.^a Lúa Pardelas manifesta “*voy a mirarlo y te digo algo el lunes*”, sen que se tivera recibido comunicación ningunha, nin telefónica nin por escrito, ás citadas chamadas e requirimentos.

Resultando.- Que con data 22/01/2024, solicitáronse ó Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexeron a contratación do servizo de conservación da rede viaria con Misturas Obras e Proxectos a fin de seren examinados e poder determinar o repertorio e distribución de obrigas atribuíbles a cada quen.

Resultando.- Que nesa mesma data, o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación remite os citado pregos, recolléndose, entre outras, as seguintes cláusulas:

(...) O contratista será o responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista responderá conforme ó artigo 214 TRLCSP dos danos ocasionados a terceiros como consecuencia da execución do contrato”.



Considerando.- Que no presente procedemento seguiu-se o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á espera da recepción das alegacións por parte da empresa que estaba a executar os traballos de pintado da estrada na data dos feitos, así como á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que a forza causal non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detención material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas de data 03/02/2023, recóllese que a empresa contratada para a execución do contrato de conservación e mantemento desa zona é MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A., estando a executar o día dos feitos o pintado das marcas viais pertencentes á sinalización horizontal da estrada, polo que, ó abeiro do artigo 1.902 do Código Civil, podería esixírselle á mesma a responsabilidade por mala praxe no eido da xurisdición civil.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura nunha Sentenza que é considerada pola doutrina xurídica punto de inflexión entre a escueta referencia feita na Lei do Réxime Xurídico da Administración do Estado do ano 1957 e a regulación moito mais minuciosa e detallada das Leis 30/1992 e 40/2015, que dedicaron xa un capítulo específico á responsabilidade patrimonial e ás causas que quebraban a relación de causalidade, das que no presente suposto cabe destacar a atribución da responsabilidade a terceiros contratistas ou concesionarios. Así, con linguaxe meridianamente claro, veu dicir o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª), *“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”*.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xeral e pertinente aplicación.
A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



39.33472.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN PROPIEDAD NO CONCELLO DE CUNTIS. (Expte. 2023000261)

Dada conta que con data 29/12/2022 (núm. rex. WEB2022065345) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Pablo Ulfe Bugallo en representación de *Severiano Campos Peláez*, por danos na súa finca, sita na rúa Palma do *Concello de Cuntis* (estrada provincial E.P. 8402 Cuntis-Cerqueril), producidos a consecuencia do acopio e almacenamento de material e estacionamento de maquinaria durante a execución das obras de mellora viaria da citada estrada, iniciadas en novembro de 2022, e na que solicita o seguinte:

“Que se proceda a la restitución de la finca a su estado anterior a la ilegítima e indebida ocupación de la finca propiedad de mi representado o, en su caso, se le indemnice en el coste de la reposición de la finca a su estado original, así como que se le indemnice por esta ocupación en una cantidad equivalente al arrendamiento de la finca durante el período de tiempo en la que la misma fue ocupada”.

Resultando.- Que con data 04/01/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 16/01/2023, co seguinte contido literal:

Que a ocupación realizada na parcela propiedade de D. Severiano Campos Peláez axústase ao indicado no proxecto. Que se coñece a existencia dun acordo verbal entre a empresa contratista da obra Servicios Medioambientales del Miño S.L. e o propietario da parcela D. Severiano Campos Peláez. No mesmo, acórdase que o propietario permite a colocación de acopios e maquinaria dentro da parcela, a cambio de que se execute un pequeno murete de pedra en toda a fronte da parcela e que se deixe o interior da mesma libre de escombros e en boas condicións.

Neste momento o murete xa se atopa colocado a falta de remates, e a parcela continúa ocupada por acopios da obra porque aínda se atopa en execución.

A continuación achéganse imaxes da fronte da parcela, onde se pode apreciar o murete colocado no límite da expropiación:





Francisco Rosendo Alonso Fernández
Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais _____

Resultando.- Que, á vista do recollido no informe de Infraestruturas e Vías Provinciais, con data 28/06/2023, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, emprazouse como interesado no procedemento á empresa contratista Servicios Medioambientales del Miño, S.L. para que no prazo de dez días puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2023005356, de data 29/06/2023, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o expediente por atoparse naquel intre procedimental pendente da remisión das alegacións por parte da citada contratista, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.



Resultando.- Que con data 06/07/2023, recibíuse escrito de Servizos Medioambientales do Miño, S.L. co seguinte contido:

Las obras finalizaron con fecha 13 de febrero de 2023.

Antes de la finalización de las mismas, se procedió a la retirada de materiales de la parcela ocupada, dejando la misma en las condiciones acordadas con el propietario.

No nos consta daño y/o reclamación alguna respecto al estado en el que quedó la parcela ocupada.

Se adjunta foto de fecha 27 de enero 2023, realizada durante los trabajos de aglomerado del vial objeto de la actuación en la que se observa la parcela utilizada, libre de materiales y totalmente acondicionada.



Considerando.- Que no presente procedemento seguíuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de lexitimación activa e pasiva e temporalidade, descritos nos artigos 67, en relación co 66, 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que no informe do Servizo de Infraestruturas de data 16/01/2023, recóllese que a empresa contratista e o propietario chegaron a un acordo verbal polo que este último permitía a colocación de acopios e maquinaria na súa parcela a cambio de que se executase un pequeno murete de pedra en toda a fronte da parcela, deixando o interior libre de escombros e en boas condicións.

Considerando.- Que a citada empresa contratista, Servizos Medioambientales del Miño, S.L. manifesta en escrito de alegacións, de data 06/07/2023, que antes da finalización das obras procederon á retirada dos materiais da parcela deixando a mesma nas condicións acordadas co propietario, achegando unha fotografía na que se pode observar a parcela libre de materiais e totalmente acondicionada.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Previsión legal que permite subsumir a conclusión das obras nunha carencia sobrevida de reclamación ningunha.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

40.33473.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN, POLA MODIFICACIÓN DO DESAGREGAMENTO DO IMPORTE TOTAL SUBVENCIONADO DAS DISTINTAS CATEGORÍAS DE GASTOS, DO PROXECTO "TOURIST INSIDE II", QUE CONTA CO FINANCIAMENTO DO 70% DO MINISTERIO DE INDUSTRIA E TURISMO A TRAVÉS DA CONVOCATORIA REGULADA NA ORDE ICT/1527/2021, DO 30 DE DECEMBRO, POLA QUE SE PROBAN AS BASES REGULADORAS PARA O PROGRAMA DE AXUDAS PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS QUE FORMAN PARTE DA REDE DE DESTINOS TURÍSTICOS INTELIXENTES, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte.2022041840)

O 21 de abril de 2023 a Subdirección Xeral de Cooperación e Competitividade Turística, do Ministerio de Industria e Turismo, notificou a proposta de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto "Tourist Inside II" cun orzamento financiable por un importe de 429.000,00 € e 300.300,00 euros de subvención proposta.

O 18 de decembro de 2023 a Subdirección Xeral de Cooperación e Competitividade Turística, do Ministerio de Industria e Turismo, notificou a resolución de concesión da axuda solicitada pola Deputación de Pontevedra para o proxecto "Tourist Inside II" cun orzamento financiable por un importe de 4290.000,00 € e 300.300,00 euros de subvención, sendo a distribución das achegas a seguinte:

Distribución da aportación	Orzamento
Aportación Ministerio	300.300,00 €
Aportación Diputación de Pontevedra (30% orzamento financiable+IVE)	218.790,00 €
TOTAL	519.090,00 €



O 28 de decembro de 2023, publícase no Boletín Oficial del Estado o "*Real decreto lei 8/2023, do 27 de decembro, polo que se adoptan medidas para afrontar-las consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraña e Oriente Próximo, así como para paliar-las efectos da seca*". Na súa disposición adicional segunda recóllese a "*ampliación de prazos de execución de determinadas axudas convocadas para o sector turístico, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia*". Destacando no seu número 1.c) que quedarán ampliados os prazos de execución e xustificación e comprobación das actuacións financiadas, así como os previstos nas resolucións de concesións das axudas xa outorgadas, correspondente, entre outras, á Orde ICT/1527/2021, do 30 de decembro, pola que se proban as bases reguladoras para o Programa de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da Rede de destinos turísticos intelixentes, e procédese á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Os referidos prazos de execución quedan ampliados ata o 30 de setembro de 2024. Os de xustificación e comprobación quedan ampliados ata tres meses despois do vencemento do prazo anterior.

O artigo 22, puntos 1 e 2.c), da Orde ICT/1527/2021, do 30 de decembro, pola que se proban as bases reguladoras para o Programa de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais que forman parte da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, e se procede á súa convocatoria correspondente ao exercicio 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establecen que:

"1. Toda alteración de las condiciones tenidas en cuenta para la concesión de la subvención podrá dar lugar a la modificación de la resolución de concesión.

2. Las circunstancias específicas que pueden dar lugar a la modificación de la resolución de concesión son:

c) La modificación del desglose del importe total subvencionado de las distintas categorías de gastos, siempre y cuando sea presupuestariamente posible y no suponga incremento de la cuantía inicialmente concedida y esté debidamente motivada."

Visto o informe da Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas de data 5 de febreiro de 2024, con CSV RNK32H4TEPSJCF30, no que conclúe que "*Teniendo en cuenta el estado actual de las licitaciones, realizadas en el marco del proyecto, procede solicitar, al órgano competente, la modificación del desglose del importe total subvencionado, en atención de lo anteriormente expuesto, para dar cumplimiento con las obligaciones asumidas.*"

En virtude do exposto, en base aos antecedentes e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Presentar, ante o Ministerio de Industria e Turismo, a solicitude de modificación da resolución de concesión como consecuencia da modificación do desglose do importe total subvencionado nas distintas categorías de gastos, do proxecto "*Tourist Inside IP*", que conta coa financiación do 70% do Ministerio de Industria e Turismo, a través da convocatoria regulada na Orde ICT/1527/2021, do 30 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para o programa de axudas para a transformación dixital e modernización das entidades locais, que forman parte da rede de destinos turísticos intelixentes, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU (Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro), de acordo co informe proposta, con Código Seguro de Verificación (CSV RNK32H4TEPSJCF30).



Dar conta de sentenzas, autos, decretos, providencias e resolucións doutras administracións, levadas polo servizo de ASESORÍA XURÍDICA desta Deputación:

SENTENZAS FAVORABLES

INTERVENCIÓN

- 1) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída en autos de Procedemento Abreviado núm. 281/22 promovidos polo Club Xuventude de Baloncesto Cambados sobre reintegro de subvención deporte federado.(Expte. nº 2022062179)*

Dada conta que con data 04/07/23 tivo entrada nesta Deputación Provincial sentenza núm. 160/23 (ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra en autos de procedemento abreviado 281/22, promovidos polo *Club Xuventude de Baloncesto Cambados* contra a resolución de 20 de xuño 2022 do Deputado Delegado de Economía da Deputación Provincial de Pontevedra que dispuxo o reintegro da subvención de 10.524,70 euros, para a competición federada de ámbito nacional) na que se desestima dita demanda, cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

RECURSOS HUMANOS

- 2) *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento abreviado número 82/23, promovidos por Mario Vázquez Vázquez sobre materia de persoal. (Expte. nº 2023025789)*

Dada conta que con data 13 de novembro de 2023 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 82/23, promovidos por *Mario Vázquez Vázquez* contra Resolución Presidencial de data 11/01/23, desestimatoria do recurso de alzada formulado polo demandante contra a desestimación da súa reclamación fronte a pregunta nº 33 do segundo exercicio do proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de Oficial de Control e Vixilancia, quenda libre e cun prexuízo económico para a administración, de ter sido estimada a demanda, de 12.629,58€) na que se desestima a mesma e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



INFRAESTRUCTURAS

- 3) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, ditada en autos de procedemento abreviado número 36/23 promovidos por Consuelo Caridad Argudín Zulueta sobre reclamación responsabilidade patrimonial por lesións na EP-2909 no termo municipal de Soutomaior. (Expte. nº 2023016435)*

Dada conta que con data 17 de xullo de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 36/23 promovidos por *Consuelo Caridad Argudín Zulueta* sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 7.559,64 € por lesións a causa da caída cando camiñaba pola beirarrúa da Rúa Cochón, a altura do nº 1 da E.P. 2909 ó seu paso polo P.K. 0+0, ó tropezar cunha loseta que conformaba o pavimento, sinistro sucedido o día 28/6/21 no termo municipal de Soutomaior) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 4) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento ordinario número 79/22 promovidos por Daniel Fuentes Rodríguez sobre reclamación responsabilidade patrimonial por lesións. (Expte. nº 2022016599)*

Dada conta que con data 10 de outubro de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento ordinario núm. 79/22 promovidos por *Daniel Fuentes Rodríguez* sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 42.855,29 € principal mais 1.981,51 € correspondentes ós intereses legais dende a data da reclamación na vía xudicial o que fan un total de 44.773,80 € por lesións con motivo do accidente sufrido o día 24/10/19, na Escola de Canteiros a consecuencia dunha caída dende a plataforma dun camión, tras ser golpeado por un contedor de obra mentres realizaba a descarga do mesmo e que é considerada culpa exclusiva da vítima por omisión da dilixencia debida) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 5) *Sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 4ª, ditada na Lei do Tribunal do Xurado nº 4/07, dimanante das dilixencias instruídas nº 5/06 que se seguiron perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Pontearreas, contra Ramón Rodríguez Martínez, por un delito de incendio. (Expte. nº 2023061357)*

Dada conta que con data 26 de setembro de 2023, recabada por esta Deputación, tivo entrada sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 4ª (recaída nos autos de axuizamento da Lei Orgánica 5/95, do Tribunal do Xurado nº 4/07, dimanante das dilixencias instruídas nº 5/06 que se seguiron perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Pontearreas, contra *Ramón Rodríguez Martínez* por un delito de incendio que tivo lugar o día 1 de maio de 2006 no lugar de Costoia, no termo municipal de A Cañiza) na que se condena ó acusado a indemnizar en concepto de danos ocasionados en bens de titularidade da Deputación Provincial na cantidade de 1.510,26 €, cantidade que ven sendo satisfeita fracionadamente polo condenado na Executoria 1/08 aberta co fin de dar cumprimento ó recollido no fallo da meritada resolución xudicial.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.



- 6) *Sentenza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Caldas de Reis, ditada nas Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido nº 140/23, contra Martín Lois Suárez, por un delito de danos. (Expte. nº 2023042975)*

Dada conta que con data 5 de outubro 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de Caldas de Reis (recaída en autos de Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido número 140/23) seguidos contra *Martín Lois Suárez*, por danos causados na bionda no P.K.2+500, na E.P.8004, accidente ocorrido o día 28/05/23, no termo municipal de Portas) na que se condena ó acusado de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas do artigo 379.2 do Código Penal á pena de catro meses de multa a razón de 4 euros ao día (total 480 euros) e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo de oito meses, así como indemnizar a Deputación de Pontevedra na cantidade de 2.802,43 € polos danos causados e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 7) *Sentenza do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, ditada nas Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido nº 466/23, contra Miguel Rodríguez Bugallo, por un delito de danos. (Expte. nº 2023040307)*

Dada conta que con data 7 de novembro 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo (recaída en autos de Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido número 466/23 seguidos contra *Miguel Rodríguez Bugallo*, por danos causados nunha sinal situada na rotonda fronte ó número 167 da Estrada de Bembrive, accidente ocorrido o día 28/01/23, no termo municipal de Vigo) na que se condena ó acusado de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas do artigo 379.2 do Código Penal á pena de seis meses de multa a razón de 6 euros ao día o que fan un total de 1.080,00 € e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo de dez meses, así como indemnizar a Deputación de Pontevedra na cantidade de 120,00 € polos danos causados e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 8) *Sentenza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de O Porriño, ditada nas Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido nº 66/23, contra Cristian Muiños Cruces, por un delito de danos.*

Dada conta que con data 3 de xaneiro 2.024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 2 de O Porriño (recaída en autos de Dilixencias Urxentes/Xuízo Rápido número 66/23 seguidos contra *Cristian Muiños Cruces*, por danos causados nunha sinal no P.K. 0,400 da E.P. 2503, accidente ocorrido o día 28/01/23, no termo municipal de Salceda de Caselas) na que se condena ó acusado de condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas do artigo 379.2 do Código Penal, en concurso ideal do artigo 77.1 y 2 do mesmo precepto legal, na súa modalidade de condución sen permiso por non telo obtido nunca, concorrendo a circunstancia agravante de multirreincidencia do artigo 20.8 en relación con 66.5 do Código Penal polo delito descrito anteriormente, á pena de catro meses de multa a razón de 3 euros ao día o que fan un total de 360,00 € e privación do dereito a conducir (ou da posibilidade de obter o permiso de conducir) vehículos de motor e ciclomotores por tempo de oito meses, e a pena de vinte meses de multa



a razón de 3 euros o día o que fan un total de 1.800,00 €, así como indemnizar a Deputación de Pontevedra na cantidade de 150,00 € polos danos causados e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 9) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento ordinario número 188/21 promovidos por Olga González Domínguez sobre reclamación responsabilidade patrimonial por lesións. (Expte. nº 2021031220)*

Dada conta que con data 28 de novembro de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento ordinario núm. 188/21 promovidos por *Olga González Domínguez* sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 287.771,15 € de principal mais 50.322,48 € correspondentes ós intereses legais dende a data da reclamación na vía xudicial o que fan un total de 338.093,63 € por danos e prexuízos con motivo do accidente sufrido o día 18/12/15 caendo ao vacío dende unha altura de 6 metros entre a intersección da rúa Emilia Pardo Bazán (antiga estrada provincial-primeiro cinturón) con vial de saída e a Estación de Autobuses da Avda. Arquitecto Antonio Palacios (antes E.P. 2002) no termo municipal de Vigo) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 10) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos de procedemento abreviado número 56/23 promovidos por Patricia Taboada Casal e Mapfre España, Cía de Seguros y Reaseguros sobre reclamación responsabilidade patrimonial por danos e lesións na E.P. 6303 no termo municipal de Agolada. (Expte.2023029553)*

Dada conta que con data 21 de decembro de 2023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra (recaída en autos de procedemento abreviado núm. 56/23 promovidos por *Patricia Taboada Casal e Mapfre España Cía de Seguros y Reaseguros* sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por importe de 9.559,84 € de principal mais 478,91 € correspondentes ós intereses legais dende a data da reclamación na vía administrativa o que fan un total de 10.038,75 € por danos sufridos no turismo matrícula 6250 HTF, con motivo do sinistro acaecido en data 13/6/21 na E.P. 6303 no P.K. 1,01 a consecuencia da caída da rama dunha arbore sobre o parabrisas do vehículo da reclamante no termo municipal de Agolada) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 11) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario nº 273/22, promovido por Amelia Escudeiro González, sobre denegación de autorización. (Expte. nº 2022062661)*

Dada conta que con data 24 de xaneiro de 2024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento ordinario nº 273/22 promovidos por *Amelia Escudeiro González*, contra a Resolución Presidencial de data 9/6/22, desestimatoria do recurso de reposición presentado fronte á Resolución de data 22/2/21 denegatoria da solicitude de modificación parcial



do muro de peche na zona de afección da E.P. 9305 na Avda. Caponiñas – Barrantes, nº 15 no termo municipal de Ribadumia) na que se desestima a demanda e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

CONTRATACIÓN

- 12) *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento abreviado número 345/22, promovidos por Projecta Gestión Integral de Proyectos, S.L. sobre materia de contratación. (Expte.2023005049)*

Dada conta que con data 14 de novembro de 2023 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 345/22, promovidos por *Projecta Gestión Integral de Proyectos, S.L.* contra Resolución Presidencial de data 22/09/22, sobre imposición de penalidades a empresa demandante, por demora na execución do contrato de servizo de asistencia técnica para a redacción da documentación técnica e a presentación de solicitudes a convocatoria DUS 5000 de IDEA, cuantificando a recorrente a contía do procedemento na cantidade de 472,50 €) na que se desestima dita demanda, con imposición de custas por importe de 400,00 e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da citada sentenza.

- 13) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 71/23, promovido por Restaura Capital Humano, S.L., sobre materia de contratación. (Expte. 2023014518)*

Dada conta que con data 8 de xaneiro de 2024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 71/23 promovidos por *Restaura Capital Humano, S.L.*, contra resolución de data 26/12/22 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a resolución de data 26/9/22, sobre resolución de contrato de “*Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de reforzo estrutural da fachada e substitución de carpinterías do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba de Príncipe Felipe*”, no que reclamaba a cantidade de 5.376,56€) na que se desestima a demanda, cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación e contra a que non cabe recurso algún.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

SENTENZAS PARCIALMENTE FAVORABLES

INTERVENCIÓN

- 14) *Sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada en autos do procedemento abreviado número 238/22, promovidos pola Asociación Deportiva e Cultural do Porriño Arela sobre reintegro de subvención. (Expte.2022059176)*

Dada conta que con data 12 de xuño de 2023 notificase sentenza do Xulgado contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra (ditada en autos de procedemento abreviado número 238/22, promovidos pola *Asociación Deportiva e Cultural Arela* contra a resolución de data 26/5/22, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a resolución de 1/4/22 na que se requiriu á demandante o reintegro de 6.128,49 € da



subvención concedida para o “XVI Festival de Cans 2019”) na que se desestima a meirande parte de dita demanda, anulando as devanditas resolucións e declarando o dereito da actora, a percibir, unicamente, tres conceptos da subvención de conformidade co exposto no fundamento IV da meritada resolución xudicial, 666,75 € e 58,64 € en concepto de devolución de reintegro e de xuros de demora o que fan un total de 725,39€ dos 6.128,49 € inicialmente reclamados e que a demandante xa reintegrara, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

INFRAESTRUTURAS

- 15) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, ditada no procedemento abreviado nº 66/23, promovido por Axa Seguros Generales, S.A. e Juan Manuel Vila Lorenzo, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos e lesións no termo municipal de Vigo. (Expte. 2023017394)*

Dada conta que con data 6 de novembro de 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo (recaída no procedemento abreviado nº 66/23 promovidos por *Axa Seguros Generales, S.A. e Juan Manuel Vila Lorenzo*, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos e lesións a consecuencia de caída en motocicleta por acumulación de barro na confluencia coa estrada de Bembrive e Camiño Palmés, no termo municipal de Vigo, cuantificados na cantidade de 2.087,97 €) na que se estima parcialmente a demanda recoñecendo o dereito á indemnización a favor dos demandantes, na contía reclamada en base ó seguinte desglose: a cantidade de 974,89 € a favor de D. Juan Manuel Vila Lorenzo; e a cantidade de 333,00 € a favor de AXA SEGUROS GENERALES, S.A., xunto cos intereses legais dende o 15/7/22 e 19/7/22, respectivamente, ata a data de pagamento sen imposición de custas (400,00 €) e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación, que non pode interpor recurso ordinario algún por razón da contía.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

- 16) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 28/23, promovido por Mónica Movilla Martínez, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos e prexuízos no termo municipal de Vilanova de Arousa. (Expte. nº 2023026003)*

Dada conta que con data 6 de novembro de 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 28/23 promovidos por *Mónica Movilla Martínez*, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en beneficio do seu fillo, por danos e prexuízos como consecuencia de tropezar e caer na Rúa do Cruceiro nº 1, no termo municipal de Vilanova de Arousa a altura das oficinas do ORAL, contra a parede onde se encontraba o enreixado da oficina, composto por unha peza de metal en mal estado de conservación o que provocou una lesión na súa perna esquerda, cuantificados na cantidade de 2.635,98 €) na que se desestima parcialmente a demanda fixando como indemnización total a cantidade de 1.202,81 €, con declaración de concorrencia de culpas, concedéndolle á demandante 721,68 € sen imposición de custas (400,00 €) e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación, que non pode interpor recurso ordinario algún por razón da contía.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.



SENTENZAS DESEFAVORABLES
INFRAESTRUCTURAS

- 17) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 358/22, promovido por Cristina Ferreiro González, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vehículo na E.P. 3001 no termo municipal de Tui. (Expte. nº 2023002131)*

Dada conta que con data 17 de xullo de 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 358/22 promovidos por *Cristina Ferreiro González*, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos en vehículo, a consecuencia de que había unha pedra na estrada pola que transitaba e ó pasar o vehículo por riba, saltou do seu lugar deixando un oco no asfalto provocándolle danos no depósito do gasoil no p.k. 0+300 da E.P. 3001, no termo municipal de Tui, cuantificados na cantidade de 774,33 €) na que se estima a demanda recoñecendo o dereito á indemnización a favor da demandante na contía antes reseñada, xunto cos intereses desde a reclamación en vía administrativa, sen condena en custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

- 18) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 11/23, promovido por Miguel Pardo Martínez, contra desestimación de reclamación patrimonial por danos en vehículo na E.P. 2201 no termo municipal de Baiona. (Expte. nº 2023026432)*

Dada conta que con data 2 de novembro de 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 11/23 promovidos por *Miguel Pardo Martínez*, contra desestimación de reclamación de responsabilidade patrimonial, por danos en vehículo (autocaravana), por colisión o día 16/5/22 contra unha sinal mal colocada no p.k. 0+300 da E.P. 2201, no termo municipal de Baiona, cuantificados na cantidade de 435,90 €) na que se estima a demanda recoñecendo o dereito á indemnización a favor do demandante na contía antes reseñada, xunto cos intereses dende a data en que se formulou a reclamación en vía administrativa, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación, que non pode interpor recurso ordinario algún por razón da contía.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

- 19) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario nº 86/22, promovido por Manuel Luis Terzado Espiño e María Filomena Lidia Raposo ANDÚJAR, sobre denegación de autorización. (Expte. nº 2022015891)*

Dada conta que con data 17 de xaneiro de 2.024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra (recaída no procedemento ordinario nº 86/22 promovidos por *Manuel Luis Terzado Espiño* e *María Filomena Lidia Raposo Andújar*, contra a resolución de data 18/1/22, denegatoria da autorización solicitada para a rehabilitación dunha vivenda situada en Telleiro nº 2-C, Borreiros no termo municipal de Gondomar, en zona de influencia da E.P. 2304 Donas-Mañufe) na que se estima a demanda no sentido de outorgar a correspondente autorización sectorial condicionada a que en prazo determinado tras o outorgamento da licenza municipal de obras, se inscriba no Rexistro da Propiedade a renuncia dos actores ó incremento do valor expropiatorio que conleve a



rehabilitación/construción da edificación, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno toma razón da devandita sentenza e ordena a interposición dos posibles recursos que poidan caber contra ela.

INTERVENCIÓN

20) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 86/23, promovido pola Asociación Cultural Correlingua, sobre materia de subvención. (Expte. nº 2023036126)*

Dada conta que con data 22 de xaneiro de 2.024 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (*recaída no procedemento abreviado nº 86/23 promovidos pola Asociación Cultural Correlingua, contra resolución de data 29/12/22 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a resolución de data 11/11/22 ditada no expediente sobre Reintegro nº 5R/2022 na que se requiría á demandante para a devolución do importe parcial dunha subvención concedida en resolución de data 24/11/20 para o desenvolvemento do seu “Proxecto Correlingua 2020” na provincia de Pontevedra*) na que se estima a demanda, cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación, e contra a que non cabe recurso algún.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

CONTRATACIÓN

21) *Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 350/22, promovido por Restaura Capital Humano, S.L., sobre materia de contratación. (Expte. 2022074871)*

Dada conta que con data 26 de decembro de 2.023 tivo entrada nesta Deputación sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (*recaída no procedemento abreviado nº 350/22 promovidos por Restaura Capital Humano, S.L., contra resolución de data 29/09/22 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra a resolución de data 9/6/22, sobre imposición de penalidades no contrato de servizo de “Asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución das obras de reforzo estrutural da fachada e substitución de carpinterías do Centro Infantil, Escola Infantil e Asociación Alba de Príncipe Felipe”*) na que se estima a demanda, sen imposición de custas, e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación, e contra a que non cabe recurso algún.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da citada sentenza.

AUTOS, DILIXENCIAS FAVORABLES

CONTRATACIÓN

22) *Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1 de Pontevedra, ditado no procedemento ordinario núm. 221/23, promovido por Xestión Cultural Aurea, S.L., sobre expediente contratación. (Expte. nº 2023045933)*

Dada conta que con data 20 de xullo de 2.023 tivo entrada nesta Deputación Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1 de Pontevedra (*ditado no procedemento ordinario núm. 221/23, promovido por Xestión Cultural Aurea, S.L., fronte á desestimación por silencio administrativo da solicitude de acceso á información contida no expediente de contratación do programa “Conectadas 2022”*) no que se acorda o arquivo das actuacións en base ó escrito de alegacións presentado por esta Asesoría Xurídica no que entende que operou unha desaparición sobrevida do obxecto do proceso, sen imposición de custas e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.



- 23) *Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra, ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 216/23-1, dimanante do procedemento abreviado núm. 216/23, promovido por Albino Chan Salgueiro, sobre reclamación de cantidade. (Expte. 2023049113)*

Dada conta que con data 18 de setembro de 2023 tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 216/23-1, dimanante do procedemento abreviado núm. 216/23, promovido por *Albino Chan Salgueiro*, contra suspensión da execución da resolución de data 11 de abril de 2023 que acorda a reversión solicitada polo demandante con respecto a finca nº 18 do “*Proxecto ensanche e acondicionamento da E.P. 4513 Portonovo – Dena (tramo Portonovo – Adina)*” nun importe inferior ó solicitado) no que se denega a medida cautelar solicitada e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

- 24) *Dilixencia de ordenación do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento abreviado nº 209/23 promovido por Projecta Gestión Integral de Proyectos, S.L. (Expte. 2023051103)*

Dada conta da notificación da dilixencia de ordenación de data 13/10/23 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (recaída no procedemento abreviado nº 209/23 promovidos por *Projecta Gestión Integral de Proyectos, S.L.* sobre resolución de contrato) na que se denega á recorrente a solicitude de envío ó Xulgado do expediente administrativo traducido ó castelán unha vez estudadas e acollidas, pola Súa Señoría, as alegacións feitas pola Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable da mesma.

S. X. – FACENDA

- 25) *Dilixencia de ordenación da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 3ª, ditada nos autos de Recurso de Apelación nº 545/22, dimanante do procedemento ordinario nº 199/20, promovido pola Comunidade de Montes en man común de Mourente sobre acción declarativa de dominio. (Expte. 2024002668)*

Dada conta que con data 11/1/24 tivo entrada nesta Deputación Dilixencia de ordenación da Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 3ª, recaída no recurso de apelación núm. 545/22, promovido pola *Comunidade de Montes en Man Común de Mourente* contra a sentenza do Xulgado de Primeira Instancia nº 3 de Pontevedra de data 28 de abril de 2022, ditada no procedemento ordinario nº 199/20, consistente en acción declarativa de dominio sobre porcións de monte veciñal denominado “Montecelo” no termo municipal de Pontevedra, na que se acorda remitir os autos orixinais e o presente rolo de apelación a Sala Primeira do Tribunal Supremo para coñecer do recurso de casación interposto pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra contra a sentenza ditada no expresado recurso de apelación e pola que foi emprazada por termino de trinta días para comparecer ante aquel ó terse satisfeitos os requisitos de admisión de tempo, forma e a denuncia das hipotéticas infraccións procesuais previas na instancia e para elevación das actuacións á Sección de Admisión da Sala Primeira do Alto Tribunal de conformidade co artigo 483, 1 y 2 da vixente Lei de Axuizamento Civil.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da mesma.



COOPERACIÓN

- 26) *Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, tendo por declarada a caducidade da instancia nas presentes actuacións nos autos de procedemento ordinario nº 83/23, sobre subvencións. (Expte. 2023027273).*

Dada conta que con data 27 de setembro de 2023 (nº rexistro entrada 2023019279) notificase providencia da mesma data declarando a firmeza do Auto de 12 de setembro ditada polo do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra na que se declaraba a caducidade do recurso interposto (nos autos de procedemento ordinario núm. 83/23 contra acordo do Pleno de data 25/11/22 polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra previo acordo plenario de data 30/9/22 referente á aprobación do proxecto modificado da actuación “*Camiño escolar seguro ó CEIP Ramiro Sabell de Pontearreas*” presentado por este Concello de Pontearreas ó abeiro do programa REACPON) no que se acorda o arquivo das actuacións. Queda enterada a Xunta de Goberno do contido favorable do mesmo.

RECURSOS HUMANOS

- 27) *Auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra, ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 317/23-1, dimanante do procedemento sobre Derechos Fundamentais núm. 317/23, promovido por Olaia Eiriz Blanco, sobre materia de persoal. (Expte. 2023064170)*

Dada conta que con data 3 de novembro de 2023 tivo entrada nesta Deputación auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (ditado en peza separada de suspensión/medidas cautelares núm. 317/23-1, dimanante do procedemento sobre Derechos Fundamentais núm. 317/23, promovido por Olaia Eiriz Blanco, consistente na suspensión do proceso selectivo no trámite que se atopa, para a provisión dunha praza de técnico/a medio da escala de Administración Xeral, subescala de Xestión, a cubrir polo sistema de concurso-oposición libre, pertencente á oferta extraordinaria de estabilización do ano 2022) no que se denega a medida cautelar solicitada e cuxa defensa se lle encomendou a Asesoría Xurídica desta Deputación.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido favorable do mesmo.

42.33475.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DO DÍA 02/02/2024 (NÚM. 13.33414) RELATIVO Á CONCESIÓN DE PRÓRROGA AO CONCELLO DE MONDARIZ AO ABEIRO DO PLAN DE AXUDAS POLAS INUNDACIÓNS (Expte.2023034983)

Consta no expediente núm. 2023034983, o informe proposta da xefatura do servizo de cooperación co seguinte teor literal:

“INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, mediante o acordo núm. 13.32349 de 03/03/2023, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24/12/2022 e o 01/01/2023, publicadas no BOPPO núm. 46, de 07/03/2023.



Na base 13ª indicábase que as actuacións deberán estar executadas e xustificadas na súa totalidade o 30/11/2023.

Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno núm. 2.32998, de 29/09/2023, concedense una subvención ao Concello de Mondariz por importe de 87.173,51€ con destino ao financiamento de distintas actuacións ao abeiro da dita convocatoria, cun orzamento polo mesmo importe, de conformidade coa seguinte táboa:

ACTUACIÓNS	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN
- Reparación de pozo de saneamento en O couto - Reparación de muro en A Cavada Nova	15.141,94€	15.141,94€
- Reparación das sendas fluviais - Muros de contención - Reparación de muro en Pé do Muíño - Reparación de estrada de Monteverde a San Xoán - Reparación de estrada en Crespos - Reparación de servizos básicos	72.031,57€	72.031,57€
TOTAL	87.173,51€	87.173,51€

Terceiro.- En data 06/10/2023, a Xunta de Goberno, mediante o acordo núm. 4.33017, prorrogou en dous (2) meses e medio o prazo de xustificación e execución das actuacións da citada convocatoria ata o 15/02/2024, publicado no BOPPO núm. 196, de 10/10/2023.

Cuarto.- O 18/01/2024 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024002572) emendada na data 19/01/2024 (núm. rexistro WEB2024002738), unha solicitude de ampliación de prazo de execución e xustificación das actuacións que precisan a autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, ao non dispoñer aínda da dita autorización sectorial.

Quinto.- O 02/02/2024, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, número 13.33414, concédese ao Concello de Mondariz unha prórroga pola que se amplía o novo prazo de execución e xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade, para as seguintes actuacións, ao non dispoñer as mesmas da autorización sectorial correspondente:

- Reparación das sendas fluviais.
- Muros de contención.
- Reparación de estrada de Monteverde a San Xoán.
- Reparación de estrada en Crespos.
- Reparación de servizos básicos.



O prazo de execución e xustificación remata o 15/02/2024 para as restantes actuacións:

- Reparación de pozo de saneamento en O Couto.
- Reparación de muro en A Cavada Nova.
- Reparación de muro en Pé do Muíño.

Sexto.- O 07/02/2024, o Concello de Mondariño remite á Deputación Provincial, escrito aclaratorio onde informa que o proxecto técnico de data 01/01/2023 de “Reparación de danos das fortes choivas” presentado polo concello, engloba as seguintes actuacións:

- Reparación das sendas fluviais.
- Muros de contención:
 - Reparación de estrada de Monteverde a San Xoán.
 - Reparación de estrada en Crespos.
 - Reparación de muro en Pé do Muíño.
- Reparación de servizos básicos.

Polo tanto, e tal e como fai constar o Concello, resulta imposible executar de forma independente a actuación “Reparación de muro en Pé do Muíño” xa que ao formar parte do referido proxecto técnico, infórmase como proxecto completo e licítarase conxuntamente por procedemento aberto, polo que a prórroga debe facerse extensible tamén para esta actuación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras das subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación cos Municipios.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- *Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- *Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación, respecto da modificación da resolución da concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se establezca o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.*

RÉXIME COMPETENCIAL

- *En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.*

CONCLUSIÓN

Visto que a modificación non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación. Visto que a modificación se tramita antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan de axudas polas inundacións e que coa mesma non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican o principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, INFORMO FAVORABLEMENTE E PROPOÑO:

- APROBAR a modificación do acordo núm. 13.33414 da Xunta de Goberno do 02/02/2024, no referente á concesión da prórroga concedida ao Concello de Mondariz, CIF núm. P3603000E, de maneira que se recolla o seguinte:

Conceder ao Concello de Mondariz, con CIF P3603000E, unha prórroga pola que se amplía o novo prazo de execución e xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade o citado prazo en dous (2) meses e medio, para as seguintes actuacións recollidas no proxecto técnico (CSV: O8KLE41WOL9953RN):

- *Reparación das sendas fluviais.*
- *Muros de contención:*
 - *Reparación de estrada de Monteverde a San Xoán.*
 - *Reparación de estrada en Crespos.*
 - *Reparación de muro en Pé do Muíño.*
- *Reparación de servizos básicos.*



O prazo de execución e xustificación remata o 15/02/2024 para as restantes actuacións:

- *Reparación de pozo de saneamento en O Couto.*
- *Reparación de muro en A Cavada Nova.*

O resto do texto do acordo núm. 13.33414 da Xunta de Goberno de data 02/02/2024 permanecerá invariable.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.”

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LBRL e vista a dilixencia de conformidade da Intervención provincial de data 08/02/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2024, acordo núm. 13.33414, no referente á concesión da prórroga concedida ao *Concello de Mondariz*, CIF núm. P3603000E, de maneira que se recolla o seguinte:

Conceder ao Concello de Mondariz, con CIF P3603000E, unha prórroga pola que se amplía o novo prazo de execución e xustificación en tres (3) meses e medio ata o día 30/05/2024, esgotándose o prazo máximo de seis (6) meses recollido na base 13ª ao terse prorrogado con anterioridade o citado prazo en dous (2) meses e medio, para as seguintes actuacións recollidas no proxecto técnico (CSV: O8KLE41WOL9953RN):

- *Reparación das sendas fluviais*
- *Muros de contención:*
 - *Reparación de estrada de Monteverde a San Xoán.*
 - *Reparación de estrada en Crespos.*
 - *Reparación de muro en Pé do Muíño.*
 - *Reparación de servizos básicos*

O prazo de execución e xustificación remata o 15/02/2024 para as restantes actuacións:

- *Reparación de pozo de saneamento en O Couto.*
- *Reparación de muro en A Cavada Nova.*

O resto do texto do acordo núm. 13.33414 da Xunta de Goberno de data 02/02/2024 permanecerá invariable.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Mondariz*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

43.33476.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as nove horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria Acctal. que dou fe.

